

# teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Diario dun mariñeiro  
«Pescanova, S. A.»:  
Venga a pescar con nosotros



As forzas políticas explícanse

# (I) A dereita que non quere selo.



# O GRANDE ALMACEN DE MAQUINARIA PRA OBRAS



GRUAS TORRES, CENTRAIS DE  
FORMIGON, FORMIGOEIRAS  
AUTOMATICAS, MONTACARGAS



**LOREV**

MAQUINAS PRA PREFABRICADOS  
DE FORMIGON, POÑEDORAS AUTOMA-  
TICAS, MISTURADORAS



ASCENSORES, NORMALIZADOS,  
PRA VIVIENDAS, PLATAFORMAS  
ELEVADORAS INDUSTRIAIS



MOTOCOMPRESORES FIXOS  
E PORTATEIS



GRUPOS ELECTROXENOS. FIXOS  
E PORTATEIS



CARRETILLAS ELEVADORAS  
DIESEL E ELECTRICAS

E TODO TIPO DE MAQUINARIA E UTEIS PRA OBRAS-SERVICIO POST-VENTA GARANTIZADO

**comercón**



VIGO: Avda. do Freixo, 23 (San Pedro de Sárdoma)  
Telfs: 418422-418433-418677

OURENSE: Avda. Sáenz Díez, 40-Telf. 215436





# pola nosa banda

## Os novos mesías

Xove, de golpe, mostráronos precisamente coma exemplo de claridade do que, xusto, non debiera suceder nunca máis. Xove foi a escalada da inconsecuencia: o arribismo electoralista a conta, hai que decilo xa, da mesmísima miseria e incertidumbre dos labregos, e a desenfreada, cega, loita cumio arriba entre organizacións —políticas e sindicais do galeguismo— que, teóricamente, asumen funcións ben distintas. Xove, coma dun puñetazo, púxosenos diante coma testigo esencial do noso caso: namentres todo, todo, todo... fica artellado coma denantes (*atado y bien atado*) e as chamadas *golpistas da reacción máis salvaxe e estrepitosa fanse de urxencias, medrando do mesmo medo as liberdades, namentres, ós presuntos «salvadores» somentes se lles ocorre —unha vez máis— maxinar que son os grandes homes en solitario, os meslas da redención coa verdade no peito, os seus propios peitos, só os seus peitos... «O resto, caza de bruxas», dixeron.*

A mesma actitude xa ven de vello. Agora, coa perspectiva apresurada duns meses vertixinosos, compre botarmos sinxelamente unha cativa ollada ó pasado: as grandes oportunidades —as eleccións xerais eran daquela, somentes unha entelequia— son, hoxe, calisquera cousa menos realismo. Doadada constatación. Son, agora, política ficción: ¿Ula gran Asamblea «suprapartidaria» prá mobilización das masas traballadoras e potenciación do galeguismo? ¿U-o, recién nado, dinámico Consello? ¿U-o aquel xigantesco *frente electoral nacionalista* de Galicia? Hoxe, política ficción no miolo mesmo da intrasixencia. O sectarismo —agora ímolo decir xa con tódalas letras, unha a unha— e máila arrogancia dunha organización que pretende, insólitamente, ser dona e administradora total dos nosos anxeios nacionais, leva camiño de converti-la ficción nunha traxedia.

Porque, namentres UPG —Unión do Pobo Galego— (xunto co que queda da súa referencia asamblearia, AN-PG) teime día a día, hora a hora, minuto a minuto... na súa intemperancia e intrasixencia por ver de sacraliza-la ideoloxía particular dun fato de trasnoitados líderes (líderes de sí mesmos), namentres, homes e prohombres coma Fraga, Fernández de la Mora..., etcétera, dispoñen de aberto camiño, ceo aberto e mar aberto neste país, Galicia, bocado do esnaquizamento. Xove puxo, hai uns días, de manifesto a berros a urxencia inaplazábel da unidade. E unidade sen mesianismos, sen *salvadores predestinados*, sen boicots... Unidade xenerosa, sen «sacramentos» e consignas inapelábeis, con intelixencia... porque o nemigo común está ahí, perto, e identificado. O pobo sómolo todos. Non, señores, uns cantos privilexiados.

- 4 Cada semá: crónicas da actualidade galega.
- 8 Os eidos: Igrexa - Economía - Sexualidade - Lingua.
- 10 Informe: a dereita que non quere selo.
- 14 Sucede no país: —Nunca xove a gusto de todos. —Miño: urbanizadora, non; marismas, sí.
- 18 Diario dun viaxe con «Pescanova, S. A.».
- 20 Pobos Ibéricos: crónicas de Catalunya, Canarias e Aragón.
- 23 Resto do Mundo: crónicas de Uruguái, México e Quebec
- 24 Tribuna Política: L.C.R.
- 27 Vieiros: o monte Tegra (A Guardia).
- 28 Fiadeiro.
- 30 Cultura:—os premios da crítica. —Prensa política en Galicia.
- 34 Cartas á Dirección.

teima

**Edita** a Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

**Dirixe** Anxel Vence Lois

**Na Redacción:** Luis Alvarez Pousa, Perfecto Conde Muruais, Victor Fernández Freixanes, Xosé María G. Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco Manuel Rivas Barrós.

**Colaboran:** Guillermo Campos (Pontevedra), Xosé Platero e Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo)

**Redacción na Coruña:** Manuel Rivas, Xosel Vilela

**Redacción en Vigo:** Víctor F. Freixanes

**Prestan a súa asesoría:** Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura). Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral). Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía). Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensin). Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecología). Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa). Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina). Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca). Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilarinho, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía). César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo). Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

**Traballan connosco as axencias:** Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

**Enviannos información do Estado e do mundo:** Arturo Ruibal, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya), Gregorio Gálvez (Euzkadi), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (País Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldomero Cores (Puerto Rico), Fernando Pereira (Montevideo).

**Fotografía:** Manuel Yáñez

**Dibuxan:** Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.

**Cartografía:** Mario L. Rico

**Confeciona e fai as portadas:** Xosé M<sup>a</sup> G. Vilasó

**Supervisan o idioma con normas previsorias:** Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

**Xerente:** Carlos Vázquez

**Xefe de Publicidade:** Xosé M. Rodríguez Iglesias

**TEIMA imprímese no prelo comercial** de «La Voz de Galicia, S.A.» Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

**Os nosos distribuidores:**

**A Coruña:** Distribuidora «Henche» (207020)

**Lugo:** «Carvel» (215069)

**Ourense:** «Eudosa Castro» (224349)

**Pontevedra:** «Cao» (855374)

**Vigo:** «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570/)

**Ferrol:** «Velo» (357707)

**Santiago:** «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

**Redacción Central:** Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

**Teléfonos:** 596741-593879 (Prefixo 981)

**Apartado de Correos** nº 448

**Depósito legal:** C-649-1976. Solicitárase o control de O.J.D.

## Segue en alza a política

Os enfrentamentos políticos ocorridos na manifestación de Xove, por un lado, e as tácticas electorais dos diversos partidos, por outro, incluídas as posibles alianzas que puideran establecerse, deron inusitada movibilidade á actualidade política de Galicia durante os pasados días. Algo está a se mover entre nós. Algo bule de maneira significativa pra que xurdira de súpeto tanta animación. De feito, no intre xusto de pecharmos estas páxinas, máis de tres grupos políticos teñen anunciadas sendas rodas de prensa pra falaren das eleccións e outros dous ou tres fixérono xa nas pasadas xornadas.

O de Xove escenificóu, nos seus termos máis crus, a xa vella polémica que contrapón esa mecánica politicista de «nacionalismo-españolismo» con plantexamentos que tentan ser máis conciliadores entre a teoría e a realidade. O tema saltóu mesmo ás páxinas de fóra do país que, en Madrid e Barcelona, téñense ocupado do asunto. «¿Qué pasa en Galicia?», preguntaba alarmado un xornalista madrileño cando recurriu a TEIMA en demanda de información.

A resposta poden dala somente os partidos e as organizacións políticas con base real sobre o chan galego e, de feito, están xa a dala. Os tres eidos do socialismo (Partido Socialista Galego, Federación Socialista Galega do PSOE e Partido Socialista Popular de Galicia) tentan andar xuntos pro non revoltos. Boa proba son as conversas mantidas entre os dous primeiros grupos citados que remataron sen acordos concretos e mesmo sen previsión de continuidade de diálogo. Neste caso, erróu quen puidera pensar — como se pensóu nalgún intre — que estaba cerca o pacto sen demasiadas condicións entre os socialistas de Felipe González e os do PSG. «Non se chegou a ningún acordo — comunicaron os do PSG encol da cuestión electoral, porque a Federación Socialista Galega do PSOE negóuse rotundamente a participar no bloque de forzas galegas que o PSG, conxuntamente con outras organizacións, está tratando de botar a andar pra defende-lo dereito do pobo galego á propia identidade política e a órganos de poder no marco dun artellamento federal do Estado Español».

Nunha idea abondo parecida anda a teimar tamén o Movemento Comunista de Galicia que durante estes días escomenzóu unha verdadeira campaña de propaganda (pegadizos e cartéis) que erguen o berro pola consecución dun pacto semellante. E non lonxe de todo, situóuse tamén o Partido Comunista de Santiago Alvarez cando anunciou que non presenta aínda candidatos ó Senado en espera de que se cheguen a pactar candidaturas unitarias da esquerda galega.

O resto da esquerda, a máis autoproclamada nacionalista, non agardóu por ninguén e compuxo ela mesma o seu propio bloque (véxase a páxina 6 desta revista).

Tema importante da actualidade política da primeira quincena de abril foi a legalización do PCE e, como din os mesmos legalizados, por consecuencia, a legalización do PCG. Na Coruña, en Ferrol, en Vigo, en Santiago, en Ourense os «peixes» liaronse a manta legal á cabeza, botáronse á rua, e mostraron a súa «ledicia e serenidade» con bandeiras, berros, brindis e algún que outro paseo trunfal. Estimaron que esta legalización é consecuencia, en primeiro lugar, do «enéxico combate durante corenta anos do pobo traballador e do conxunto das forzas políticas e sindicais na loita pola liberdade». Como era de esperar, a Galicia chegaron as preocupacións derivadas da inmediata e case tronante protesta da dereita por esta legalización dos comunistas. Pita da Veiga, o ministro de Mariña dimisionario por esta razón, é galego e ten por estas terras amigos e presuntos seguidores en algunhas capas sociais.

Voltando ó tema do nacionalismo galego, compre rexistrámola a adhesión firmada en Valencia pola Organización Revolucionaria de Traballadores, que representaba a Galicia, ó *Manifesto das nacionalidades* no que se di que as reivindicacións fundadas nos dereitos irrenunciabeis que teñen o seu apoio na verdadeira solidariedade libre e voluntaria entre tódolos pobos do Estado teñen hoxe un nome: estatuto de autonomía. A ORT está, nunha palabra, polos dereitos nacionalís que conduzan ó exercicio da autodeterminación.

Polo demáis, pra Galicia non pasóu tampouco desapercibido o «Día da República» e as rúas de Santiago cidades galegas luciron esa xeira as tres cores da bandeira republicana. Había nervios de máis e por eso non estiveron ausentes nen as balas de goma nen os botes de fume nen tampouco as labazadas e vergallazos do orde.

### Lugo

## Acabouse a mina

650.000 pesetas ten xa aforradas, pra este ano, a Diputación de Lugo. Segundo informa X. Xiz, unha obxección do deputado Benxamín Casal Vidal (home que parece estar traballando moi ben o seu nomeamento como delegado de Agricultura) liquidóu unha tradición de moitos anos atrás: a de dar subvencións á Jefatura del Movimiento (150.000 pesetas), á Sección Femenina (cen mil), a Delegación de Juventudes (cen mil), ó Gobierno Civil (trescentas mil pesetas anuais pra «mobiliario y otros gastos» da casa do gobernador civil).

A proposta do señor Casal saíu adiante por 11 votos contra 5. Mentres no caso do Movimiento, Sección Femenina e Delegación de la Juventud a cousa resolvéuse pra sempre, no caso do Gobierno Civil os deputados andaron con máis tino: como non estaban moi seguros de se tiñan obrigación legal de subvencionar los gastos do Gobierno Civil decidiron, por se as moscas, manter unha couda de mil pesetas.

Coa sesión da pasada cuarta feira, ou sexa, mércores os deputados fixeron unha peculiar li-

quidación e conta nova cunhas das máis típicas institucións do franquismo pro tamén clarexaron unha escura situación económica: disque as 300.000 pesetas do Gobierno Civil moitas veces non chegaron a utilizarse e outras utilizáronse de máis, coma no caso do gobernador señor Trillo que, en catro meses no cargo, fundiu todo o presuposto anual.

### Día 15:

## Folga dentro dun orde

Os gobernadores prohibiron absolutamente tódalas asambleas e actos sindicais previstos neste día elixido polas centrais —disque algunha presionóu pra que non coincidira co 14 de abril, conmemoración da República— pra mostraren o rexeitamento das medidas económicas do goberno Suárez e esixiren unha real liberdade sindical. O día anterior houbo algunhas detencións —como as de dous obreiros ferroláns das Comisións Obreiras (CC.OO.) que pediron solidariedade na Lonxa e outros dous membros da Intersindical Nacional Galega (I.N.G.) detidos cando pegaban cartéis en Ourense— e o clima político de tensión creado pola nota do Consello Superior do Exército despóis da legalización do PCE. Os núcleos industriais —Ferrol, As Pontes e Vigo— responderon coma sempre. «A participación superóu dabondo a do día 12, se non en paros, sí en asambleas e xuntanzas de discusión», dixo a TEIMA o secretario das CC.OO. de Galicia, Amor Deus. Noustante, segundo outras versións as Comisións tiveron moito interés en que a xornada transcurriera «dentro dun orde» e sen que as movilizacións tiveran reflexo na rúa.

En Ferrol a xornada foi unha máis de loita, xa que as cousas andan quentes dende que escomenzóu o conflito nas Compañías Auxiliares, alongado pola intransixencia da patronal. En Bazán houbo paro total, en Astano os paros foron parciais anque tódolos sectores fixeron asambleas. Asambleas houbo tamén no Comercio e na Sanidade. En As Pontes a folga foi total. Oxigalicia (un despido), Emesa, Isolux e Térmica de Sabón foron as máis importantes empresas que pararon por algún tempo na Coruña. Na Residencia Sanitaria desta cidade houbo unha manifestación arredor do centro e plantexáronse reivindicacións propias ademáis das que motivaban a xornada. Paro en Resisa, de Santiago; dous detidos en Lugo —un deles Santos Barroso, secretario xeral de CC.OO. naquela cidade— foron outras incidencias do día. As asambleas e os paros parciais nas grandes empresas de Vigo foron un reflexo máis de que a folga foi, pro non tanto...



**A Coruña**

**Os cegos non fan a vista gorda**

O que hai que ver: mentres os cegos da provincia da Coruña apuntaban con bo ollo a canto problema teñen pendente, o señor delegado da Organización Nacional de Cegos Españoles non se daba enterado do que berraban os folguistas e os policías que vixiaban as manifestacións simulaban non conocerse cando se cruzaban, facéndose os cegos.

\* \* \*

Dende o día 2 de abril, unha folga cáseque absoluta deixou sen cupóns de cegos as principais cidades coruñesas. Na capital, de 131 vendedores cegos só seis non foron á folga; en Santiago, ningún dos 22 invidentes traballa; en Ferrol, 42 son os folguistas e dous os que venden; en Carballo, catro persoas sumáronse ós seus compañeiros, sen obedeceren as ameazas de expulsión da Organización que lles fixo o delegado local.

A dimisión de don Jesús Villabrille Blanco, delegado provincial da O.N.C.E., é unha das necesidades na que máis insisten os cegos en folga. Don Jesús, 45 anos, casado e con dous fillos, perdeu a vista por culpa da explosión dun artefacto que estralou logo duns anos de que rematara a guerra civil. Foi dez anos vendedor en Oviedo, pasando despóis por distintos postos burocráticos na O.N.C.E. hastra chegar a delegado da Coruña no ano 74. Os cegos din que o seu delegado, ás veces, pola propia cachaza coa que defende o seu comportamento e as súas opinións, amosra ter moi poucas luces. Xunto coa dimisión do señor Villabrille, os cegos coruñeses esixen, pra escomenza-lo diálogo sobre as súas reivindicacións, a presenza dun delegado da xefatura nacional da ONCE, por non consideraren representativo ó señor Villabrille.

Outra das reivindicacións dos folguistas é a volta ás liquidacións polas tardes das vendas diarias de cupóns. «Foi este novo delegado quen trouxo a moda de liquidar polas mañás. O caso é que parece que o señor Villabrille máis defende a comodidade dos administrativos cós intereses dos cegos: pra que eles traballen só polas mañás, nós temos que perder moitas horas de venda».

Cunhas ganancias de 528 pesetas diarias lóxico é que as aspiracións económicas sexan parte moi importante da loita que estan a levar adiante os cegos. Por riba, resulta que, dende xaneiro, os funcionarios da ONCE tiveron un aumento de seis mil pesetas mensuais, mentres que, prós traballadores cegos, resultou de pouco máis de 1.100 pesetas. Estes homes e mulleres reciben cada día oito cupóns cunha porcentaxe do 40 % e nove, ó 20 %. O que reclaman, agora, é un maior número de cupóns ó 40 %, hastra acadaren tamén ese aumento de seis mil pesetas mensuais.

**ORIXE DO CONFLITO**

A negativa do delegado a falar, dentro das horas de oficina, cos cinco membros da comisión de representantes dos traballadores cegos puxo sobre rodas o conflito. O señor Villabrille, que vive na mesma casa da ONCE díxolle ós homes da comisión que terían que agardar unhas tres horas pra seren atendidos, espera polo que non estaban dispostos a pasa-los cinco da comisión.

Estes homes pouco tempo perderon en decirlle ós seus compañeiros cal era a actitude do delegado diante da solicitude de asamblea que lle foran presentar. Ese mesmo día dous, os cegos pechados nos locais da Organización xa eran cincuenta que, a eso das doce da noite, serían desaloxados, dun en un, por forzas da policía armada. Dende ese día os traballadores cegos resisten en folga activa, discutindo os seus problemas, falando da constitución do Sindicato Autónomo de Traballadores Cegos — federativo, unitario, asambleario, reivindicativo e de clase —, comentando cousas do delegado que di ter recibido moitas chamadas telefónicas de vendedores que lle piden protección policial pra saír reparti-los cupóns, mentres que algúns cegos afirman talmente o contrario: ter recibido chamadas do delegado invitándoos a voltar ó traballo. Un dos feitos máis importantes desta folga son as movilizacións polas rúas pra pediren solidariedade e apoio da poboación. A terceira manifestación que fixeron, a do mércores 13, foi a máis importante: xuntáronse arredor de 200 cegos de Coruña, Santiago e Ferrol, quen, durante dúas horas, recorreron todo o centro comercial da Coruña. De cando en vez, a manifestación parábase e os cegos explicaban as súas razóns á xente. Os berros pedindo a dimisión do delegado foron constantes.

«A folga estralou polo incidente do día dous, pro era moita a leña seca que había xa. Por exemplo, os traballadores cegos vivimos nunha inseguridade permanente, xa que gañamos segundo as nosas vendas. Somos, de seguro, os únicos traballadores que pra ter dereito á antigüidade e ás cargas familiares temos que botar máis horas de traballo: en vez de darnos cartos polos anos de traballo, ou pola muller e os fillos, págannos con cupóns, co que, se non os vendemos, non cobramos nada. Outras das cousas intolerabeis que temos que aturar é unha gigantesca montonera de burócratas e oficinistas: no estado somos 13.000 cegos e funcionarios da ONCE hai 6.000, co que resulta que cada cego traballa pra manter a dous deses homes. Por se esto fora pouco, tódolos cargos dentro da ONCE non nomeados a dedo polo ministerio da Gobernación e unha lei de 1959 considéranos «incapacitados laborais», polo que temos pechadas as portas de moitos traballos que poderíamos levar adiante tan ben coma calquera vidente. Diante desto, non temos outra saída que esixi-la democratización da ONCE, a redución de tal monstruo burocrático, amáis da derogación das leis que son discriminatorias pra nós e que non fan máis cousa que frena-la nosa incorporación á sociedade como membros de plenos deberes e plenos dereitos».



M. SEVILLA  
DUAS HORAS DE MANIFESTACION

**Os armadores desafían a Europa**

Problema de moitísimas toneladas é o que se ven enriba dos mariñeiros galegos ante as novas disposicións dos países do Mercado Común pra defende-la área das súas duascenas millas. Máis das tres cuartas partes dos traballadores do mar non van ter máis solución có paro ou a emigración.

Os armadores, cecáis polo seu costume de mandaren como e canto lles peta aquí, deben pensar que tamén son os amos do Mercado Común. Polo pouco ameazan con seguir faenando nesas augas e din que só sairán á forza delas, cousas as dúas que xa advertiron por telegrama ós ministros de Asuntos Exteriores e de Comercio.


Partindo do suposto de que o mar hai que o coidar como se for marisco ou patacas, definiron os homes da CEE cal era o volume de pesca axeitado pra non faceren pór en perigo o futuro de cada especie: de momento, os 200 barcos galegos que fan ó Grande Sol terán que reducirse a 30. Os armadores saben tan ben como as autoridades do estado a absoluta incapacidade de negociación coa Comunidade. Mentres o 62 % das capturas de peixe dos barcos do estado veñen das augas comunitarias, a contrapartida que os barcos do MEC teñen nas plataformas españolas é mínima. Porriba tampouco hai a posibilidade de se manter nesas caladeiros a base de fundar sociedades mixtas, cousa que se fai en Africa aproveitando a necesidade financeira deses países. De tódolos xeitos, os armadores, que sempre foron moi amiguiños das autoridades e delas sacaron canto crédito precisaron pra construíren os seus barcos, agora, diante da súa desaparición, tentou poñerlle medo ó goberno por ver se caen unhas primas ó desguace que lles permitan saldar en paz o seu negocio. Por outra parte, esta situación de crise vaille vir moi ben ós grandes grupos da pesca que terán as oportunidades únicas pra merca-los barcos máis noviños en condicións de saldo, co que o seu predominio será xa absoluto.



## Coruña: Ateneo en marcha

«A iniciativa do Ateneo da Coruña precisa de tódalas axudas, xa que o Ateneo ha de ser de todos ou non será nada», dixo un membro da Comisión Promotora a M. Castelo de TEIMA cando se lle preguntou polo futuro do que xa é un firme proxecto. Dende hai dous meses un importante número de coruñeses anda a traballar no artellamento do Ateneo. A cousa vai moi adiantada e está previsto que mesmo no vran a nova entidade cultural —da que a cidade está tan necesitada— escomece as súas actividades. Pra isto, os promotores do Ateneo teñen plantexados dous obxectivos inmediatos: os mil socios e un local social.

Hai xa uns estatutos aprobados pola Asamblea Constituinte de socios, que se reuníu xa en tres sesións até esta data. O debate arredor dos estatutos centrouse sobor de todo arredor do artigo 4.º que decía: « O Ateneo é unha entidade cultural e recreativa que se ocupará de promover e organizar actividades encol dos temas de interés colectivo nos eidos artísticos, sociáis, científicos e cidadáns en xeral, adicando especial atención á problemática galega. Dita actividade concretaráse na celebración de conferencias, coloquios, recitáis, publicacións, edicións, e todas aquelas actividades afíns á súa misión creadora e espalladora da cultura». Despois dunha longa discusión na que transcendían diversos planteamentos ante a realidade galega, a redacción definitiva foi a seguinte: « O Ateneo... científico e calquera outro que sexa de interés xeral. O Ateneo da Coruña desenvolverá as súas actividades tendo coma obxectivos a promoción, creación e espallamento da cultura galega, así coma a análise e debate dos problemas que o noso pobo ten plantexados, con carácter aberto e creativo. Ditas.. espalladora da cultura».



M. CASTEDO

Outros temas moi debatidos foron o emprego do idioma e as cuotas dos socios. Sobor deste último punto tras do estudio económico feito, a Comisión Promotora propuxo a cantidade de 200 pesetas ó mes. A Asamblea dividiuse en dous grupos: un, que apoiaba a proposta da «mesa», e outro que coidaba alta a cantidade, argumentando que dese xeito hai xente que quedará á marxe, polo que a súa proposta foi de 100 pesetas. Houbo unha solución intermedia: cuotas a 200 pesetas e rebaixa prós menoes de 21 anos estudantes que pagarán 50 pesetas. Con un pouco de sorte, a Coruña terá axiña unha casa onde falar das cousas da vida e da cultura.

A publicidade política non deberá ocupar máis de tres minutos por cada hora de emisión. Nos medios próximos ás emisoras privadas, primeiras vítimas desta medida, puido saber TEIMA da preocupación diante dunhas decisións que se consideran embarulladas e mesmo contradictorias coa liberdade de expresión democrática, relativas ó dereito de propaganda e explica-beis somentes dentro da situación non definida aínda da lexislación da radio no país.

Fálase tamén dunha medida do inspector xeral de Radiodifusión considerado home duro dentro do medio. Nalgúns casos houbo queixas ó observar ó día seguinte da saída das disposicións como na televisión entrevistaban a Felipe González como secretario do PSOE e dentro de programas especiais a líderes de Alianza Popular ó mesmo tempo que en Radio Nacional de España entrevistaban en idénticos termos a representantes do PCE. ¿Cal é a situación, pois, das emisoras privadas, que son a meirande parte no país? Nos medios próximos ás mesmas fálase abertamente de discriminación.

## Os nacional-populares teñen candidatos

Pouco a pouco, vanse clarexando as cousas encol das próximas eleccións. O Bloque Nacional-Popular (Unión do Pobo Galego e Asamblea Nacional Popular Galega) presentou tamén as súas candidaturas pró Congreso e pró Senado. «Somos conscientes —informaron non intre de dar a coñece-los candidatos— de que este é somentes un medio máis, e non o máis importante, prá organización das clases populares galegas e a clarificación dos obxectivos a conseguir prá liberación nacional e social do noso país».

O Bloque pensa que, de cumprirse unha serie de requisitos mínimos, hai que presentar candidatos coa finalidade de propagar e defende-la alternativa nacional-popular a nivel parlamentario. Os criterios que seguíu pra compoñe-las listas tentan responder a unha vontade interclasista e patriótica, «de clara intención anticolonial, que representan as bases constituicionais pra un pacto federal, as medidas económicas pra un Goberno galego e as medidas sociáis e culturais que constituén o programa da ANPG».

Segundo como se mire, hai poucas ou algunha sorpresa entre os nomes escollidos. Hai, entre eles, obreiros, profesores, escritores, mestres, labregos, curas, abogados, axentes de extensión agraria e algunha outra profesión. Máis traballadores ca intelectuais e máis xente teóricamente encadrábel na AN-PG que na UPG.

Pró Congreso, pola provincia da Coruña, son candidatos María Elvira Souto Presedo, Ramón López-Suevos, Luís Ríos Paredes, Fernando Camarot Veira, Hilario Leopoldo López, Xan Bouzas Lariño, Xaime Custoya e Xosé Manuel Fernández Barcia. Os candidatos do Senado son Ramón Valcarce Vega, Xosé Vilas Nogueira e Xosé Agrelo Hermo.

Pola provincia de Lugo o Bloque presenta, pró Congreso, a Pedro Luaces, Xosé Manuel Pavón, Emilio López Pérez, Prudencia Santamarinas Raposo (Pencha) e Lois Diéguez. Pola mesma provincia van pró Senado Manuel María Fernández Teixeiro, Manuel García Yáñez (Cannoura) e Xosé Manuel Rodríguez Martínez.

Por Ourense e pró Congreso, Bautista Alvarez Domínguez, Antón Sánchez, Xosé Antón Iglesias Prieto, Marisa Vázquez Barquero e César Varela. A candidatura do Senado compoñe-na nesta provincia Francisco Carballo, Antón Fernández Sánchez e Antón Romasanta Vilar-chao.

Finalmente a lista complétase en Pontevedra con Francisco Rodríguez, Xavier Alonso, Manuel Méndez Fraguas, Margarita Ledo Andión, Xosé Casal, Pilar Allegue, Manuel Chao Terceiro e Manuel Martínez Rodríguez, que van polo Congreso, e con Camilo Nogueira, Francisco Lores e Xaquín López Facal, polo Senado.

## Diante das eleccións

# A radio, muda

Entre os medios de comunicación de masas, a radio é, xunto coa televisión, o de máis pegada popular. Nos últimos días as emisoras de radio privadas de todo o Estado español recibiron unha carta firmada polo subdirector xeral de Radiodifusión, Luis Ezcurra, na que se poñen limitacións ós espazos de propaganda política nas emisións. Segundo a carta, a publicidade política nas emisoras quedará reducida namentres non se dean as normas prá campaña electoral e as pequenas cuñas radiofónicas terán que ser lidas polos locutores profesionais (endexamáis polos líderes ou representantes das organizacións políticas) e quedan prohibidas as reportaxes ou entrevistas cos partidos.



**Pontevedra**

**Manda a Diputación**

«A Diputación Provincial de Pontevedra non quere deixa-las mañas do caciqueo», escribíenos o noso corresponsal en Pontevedra pra falar do que el chama «a última cacicada do Colexio Príncipe Felipe». En principio, este centro foi creado como colexio nacional ordinario pro logo a Diputación conseguíu darlle a volta ó asunto, coa axuda de Madrid, pra convertilo en centro de réxime especial.

O que quer a Diputación parece se-lo control directo do «Príncipe Felipe», mesmo pra nomear ela os mestres. Un concurso anterior sacóu a cobertura as once plazas que quedaban despóis de que as restantes cinco foran ocupadas polos mestres que chegaron do Hogar Provincial, organismo que se integróu no colexio. A Diputación tentóu xa de controlar as plazas pro, ante a protesta dos mestres que plantexaron a legalidade do concurso de traslados, O Ministerio de Educación e Ciencia resolvéu respecta-los dereitos profesionáis dos escolantes.

«Namentres na Diputación e no MEC non corran aires máis democráticos —declaróu a TEIMA un pontevedrés interesado no asunto—, seguirán aquí os favoritismos privando sobre o dereito que a propia Lei Xeral de Educación recoñece». Na Delegación Provincial do MEC tentóuse amaña-lo asunto pro atopáronse con que o director xeral de Educación Básica e máilo presidente da Diputación, Peláez Casalderey, tíñan todo atado e ben atado.

Os antigos patronatos, no fondo é o que agora pretende a Diputación pontevedresa, están en proceso de desaparición dende a Lei de 1970 que convirte en centros privados os antigos colexios conservándolles somentes os dereitos adquiridos ós mestres afectados. Pro como non todo se fai ben sempre, inventáronse os colexios de «réxime especial» que non foi máis ca un cámbio de nomes pra segui-los amaños. Na provincia de Pontevedra sóo quedaban dous colexios da Xuventude, un da CAV e algúns máis das ordes relixiosas e do Instituto Social da Mariña que están en período de extinción. Pénsase agora que a política da Diputación pode ser seguida tamén por outras institucións pra nomear elas mesmas os mestres que lles conveñan e que terán que ser pagados polo Estado. De feito, o patronato «Juan A. Suances», de Celulosas de Pontevedra, S.A. está a facer un novo colexio destas características.

**Bertamiráns**

**Nin un peso prás hermandades**

**Homes da Hermandad de Labradores y Ganaderos de Bertamiráns (Coruña) queren un novo local social e, pra sacalo adiante, pasan a cada familia do axuntamento un recibo de mil pesetas. A cousa vai tan en serio**

**que, pra conseguí-las pesetas, pensan botar man, aínda que sexa, do apremio xudicial.**

**Os labregos, dos que moi pouquiños asisten ás reunións da Hermandad, din que de solta-los cartos nada.**

Os primeiros anuncios apareceron no lugar de Calo-Agrón. «Viñeron por nós, os primeiros, porque deben pensar que se Agrón paga, tódalas outras parroquias irían detrás sen chistar. Como hai moito tempo que andamos enfrentados co axuntamento, temos moita sonda de revoltos e aínda hai quen nos chama «renejados». Pra non perde-lo costume, os veciños desta parroquia están en non pagar e, polo pouco, o anuncio xa *desaparecéu* do arbore onde o puxeran.

«Nós pensamos que non temos por qué



AGRÓN, PARROQUIA DE REVOLTOSOS

paga-lo recibo pois xa non é obrigatorio ser da Hermandad. O que queira afiliarse á Hermandad, que pague; pro o que queira ter outro sindicato non ten por qué dar cartos pra eses señores. Isto seguro que ben o saben os homes da Hermandad, pro deben querer xogar co medo e coa ignorancia da xente. Nos vellos todo é medo e querer estar ben visto. Como quen ven paga-los retiros é o secretario da Hermandad, algunhas familias pensan que se non pagan, o secretario pode retirárille-los subsidios. Pra nós o máis grave deste asunto e que a Hermandad queira construír cos cartos de todos un novo local que lles servirá pra facer crer que son unha cousa distinta do que foron e pra presentárense como o sindicato de máis presenza, de máis forza».

**OS OUTROS ENFRENTAMENTOS**

Este, da negativa a paga-los recibos pró novo local, é xa o terceiro enfrentamento forte que homes e mulleres de Agrón teñen coas forzas vivas de Bertamiráns. O primeiro, que rematóu a favor dos veciños, foi cando quixeron que os seus rapaces foran ó colexio de E.X.B. de Negreira —a tres kilómetros— e non o do Bertamiráns —nove kilómetros—. Os pais negábanse a manda-los fillos ó colexio mentres non recibiran

garantías de que poderían cambearse pró que se estaba a construír en Negreira. Daquela tamén se opuxeron a pagar unha cuota de dez pesetas diarias —do ano 72— polo xantar dos seus fillos. Logo de soportar que durante cinco días os tiveran pechados —mentres os outros escolares xantaban— nunha aula sen siquera darlles da beber, os rapaces da parroquia de Agrón entraron ó comedor cos seus compañeiros.

O segundo enfrentamento foi cando lle deron coa porta nas ventas a un home que traguía un papel cun cuño do axuntamento e que prometía, polo módico precio de 250 pesetas, facer unhas tasacións pró contribución urbana máis baixas das que virían facer, dalí a poucos días, os homes da Hacienda. Resultóu que a tasación deste home non valéu pra nada e por riba tasaban máis alto do que o fixeron logo os homes da

Hacienda. Foi a segunda victoria de Agrón contra das autoridades.

A terceira, parece que as forzas vivas tentan de meterlles un gol de categoría. Os veciños, pola súa banda, din estar tranquilos. «Se eles saben tirar ben a gol, nós temos unha defensa do milloriño».

**Xornadas de curación**

«A degradación da Facultade no aspecto académico, a perda de validez das clases, o fomento da «apuntitis», a escasez do profesorado, e así un moi longo etcétera, dibuxa unha situación estremecedora que non pode deixar de influir no movemento estudantil. Por iso, pra nós, os estudantes, as xornadas han de significar un intento de dar unha alternativa democrática ó ensino na nosa Facultade e unha nova orientación ó M.E.». Dende o 18 deste mes deica o día 29 estánse a celebrar na facultade de Medicina as «I Xornadas da Sanidade Galega» que son un intento de estudar por parte dos alumnos non sóo a súa propia problemática actual, senón tamén o futuro profesional e a situación sanitaria en Galicia. E unha resposta práctica e nova a esta universidade que chochea cada día.





## ECONOMIA

### A industrialización en Galicia (e II)

XOAN X. SANTAMARIA CONDE

Calquera economía que pretenda industrializarse precisa dispoñer previamente e decote dos bens de consumo mínimos e indispensables, especialmente agrarios, pra mante-la forza de traballo que se empregue na industria. E precisamente por elo compre, denantes de nada e mesmo simultaneamente, que no sector agrario se produzan as transformacións necesarias pra que esto sexa posíbel. Se se pretende detraer do campo man de obra pra empregala na industria é preciso que o aumento da produtividade agraria garantice a mantenza dos campesinos o mesmo que

a dos traballadores industriais. Historicamente o crecemento industrial dos países hoxe máis desenvolvidos foi precedido e acompañado do crecemento agrario. E isto é o que parecen esquecer, o mesmo que a diferenza entre o crecemento industrial e o desenvolvemento, os defensores do industrialismo pseudodesenvolvemista.

A industrialización española fíxose sen progreso agrario e a crise da agricultura, ou millor diríamos das distintas agriculturas do Estado, xenerou un éxodo rural desordenado de quen fuxía durhas condicións de subsistencia. Por elo, volvendo a reiteralo unha

vez máis, houbo crecemento industrial pro non desenvolvemento. A nosa situación económica actual sería moi distinta, e non tan grave, se o transvase de man de obra do campo á industria viñera determinado por un aumento da produtividade no mesmo, e non polo éxodo rural coñecido.

Só no ámbito dunha política de desenvolvemento ten de se producir a industrialización de Galicia, e non do xeito anárquico e dependente coma o que estamos a contemplar. Unha simple ollada ás actividades industriais existentes en Galicia, o mesmo que as que se están a promover, confirmanos como están orientadas cara a fóra e non centradas na nosa realidade socio-económica. Son industrias extractivas e enerxéticas (mineiras e de electricidade) cunha tecnoloxía

mesmo que atenta contra o equilibrio ecolóxico. E ademais, as industrias existentes de bens rematados (construción naval, automóbiles, etc.) son tamén dependentes do exterior en tecnoloxía e moitos dos seus suministros de produtos semirrematados.

A necesaria industrialización que precisamos, pois, vai por outros vieiros que non os actuais. E todo iso, como decimos, no ámbito dunha planificación económica que contemple a axeitada reforma agraria. Tal planificación dificilmente, por non inviábel, será posíbel sen uns órganos de poder galegos, enxebres e eficaces. Do contrario, ¿por qué non se fixo así deica agora? Pois sinxelamente porque a evolución económica de Galicia veunos dada dende fóra. Pra entonces poderemos falar da industrialización de Galicia en vez de «en Galicia».

## IGREXA

### ¿Clericalismo de esquerdas?

XOSE CHAO REGO

Paréceme que haberá que ter moito coidado coa nova fórmula de «separación» entre a Igrexa e o Estado. En principio, semella moi boa e avanzada, pro tal bondade é un engaño. De feito, a «nova» fórmula procede do vello liberalismo burgués que tencionou reduci-la relixión ó ámbito privado, pra que non atrancara o camiño do Capital. Xa cando Cavour estaba en loita co papa Pío IX, propuña a fórmula: unha Igrexa ceibe nun Estado ceibe, que entón sería proveitosa. Hoxe sería iso: unha fórmula liberal, pro non liberadora, e nembargantes certos cristiáns «progres», incluídos xerarcas, querenlle dar un pulo.

Semella tamén que os partidos políticos están a deci-lo mesmo. Os da dereita, co obxecto de pecharen a Igrexa na sancristía; pásalles como o integrista francés Maurras, que estaba agradecido porque a sabiduría da antiga Roma tiñalle posto barreiras á mensaxe explosiva do «Cristo hebreu». Os da esquerda, pra que deixe de ter abusivos privilexios e de influir de xeito reaccionario na sociedade.

Pro, con tan ambigua fórmula separatoria non se acada clareza-las relacións Igrexa-Estado de forma que sexa o Pobo quen se beneficia. Os partidarios da esquerda, pregaríalles

este cronista que se decaten da perigosa linguaxe da separación. Tanto máis que, desde hai anos foi finando o nacional-catolicismo e escomenzou a nacer outra operación político-relixiosa: o neo-galicismo. Trátase de que a Igrexa se manteña ó servizo do poder político, pro coa ilusión de creerse ceibe.

O teólogo xesuíta Alvarez Bolado define así o neo-galicismo: «é a acción política eficaz pra que a Igrexa se escolla desde dentro tal como é querida politicamente desde fóra». Coído eu que o proxecto neo-concordatario de plantexa-las novas relacións nun clima de «mutua independencia e leal colaboración» —como rezan as declaracións oficiais— cheira a neo-galicismo puro.

Algo moi grave hai no fondo cando se escoitan cousas coma esta: «se temos feito política no franquismo e de dereitas, non vaiamos agora caír no mesmo pecado facéndoas de esquerdas». E así, a acusación dun novo clericalismo de esquerdas diríxese, por exemplo, contra os «Cristiáns polo Socialismo» (CpS, movemento ó que este cronista non pertence, pro admira). Cando todos sabemos ou deberíamos saber que o verdadeiro perigo está en que a Igrexa antano franquista sexa agora do novo poder.

Polo demáis, atopámonos diante dun sofisma —unha verdade trafalca-

da— porque o clericalismo, por esencia, sempre é de dereitas. Os cregos de esquerdas deixan de ser, polo mesmo, «clericais», pra unírense á loita común.

As análises da situación social e política fanas, non desde a clerecía (doutrina social da Igrexa, etc), senón desde as ciencias humanas. Emporaso, pensan como pensan sobor do ensino, do divorcio, etc., Clericalismo de esquerdas, é, cando menos, un contrasenso gramatical.

Outra cousa é que estes cregos empreguen a súa forza social, a súa capacidade de seren líderes, en inclina-la balanza en senso contrario a como o ten feito Igrexa no franquismo. Pro se ben se mira, iso non é máis ca un problema de xusta restitución: quen lle roubou o Evanxelio ós probes ten a obriga de restituírllelo. A tarefa, a longa tarefa de desmonta-lo apoio que a Igrexa lle foi prestando ó réxime, cómprelle á mesma Igrexa. Agora ben, cando vemos que a Igrexa oficial está a se converter en neo-galicana, aqueles que aínda queremos manternos coma crentes e eclesiáis, temos que aledarnos se hai cregos que escollan o camiño de se revirar contra do poder, sexa político ou eclesiástico.

A Igrexa, polo menos hoxe, non pode estar a velas vir, arredada da sociedade. Ha ser fermento pra levedala masa, o que os teólogos chaman «institución crítica de liberdade». Hase mesturar e «complicarse» neste tempo de eleccións. Un amigo leigo de-

clame que nin Galicia nin o Evanxelio son negociabais. E certo. A neutralidade política da Igrexa é un noxento disfraz pra complicidade cos que manexan os intereses do Probe.

Desde hai anos, diante das eleccións —por exemplo, en Italia— o episcopado ten dado normas pra que cada cristián pese, na súa conciencia, a quen ha da-lo seu voto de confianza. O pecado histórico desas normas non consiste en que a xerarquía tome partido, senón que o teña feito por un partido confesional, en razón de intereses ideolóxicos que coincidían cos da burguesía e non cos das clases populares. Era un clericalismo, porque apoiaba ás dereitas, con prohibición de apoia-los partidos de clase.

Se estamos dispostos a admitir que a Igrexa non debiera ser belixerante nunhas eleccións, e se lle pregamos que de ningún xeito sexa partidista (e non hai o máis remoto perigo de que o sexa cara a esquerda), tamén nos hemos sentir defraudados se cando se fale deste choio, vólvense a escoita-las mesmas lerías de sempre: que se materialismo, que se marxismo, etc. A meirande medida evanxélica non é a ideolóxica, senón a da liberación dos oprimidos, da Boa Nova ós probes.

O Evanxelio segue sendo non negociábel, Galicia tampouco. Estes son, ó meu xuício, os dous sináis de pista pra un crente galego. Acusar dun clericalismo de esquerdas a quen isto defenda resulta un grave pecado... polo menos gramatical.



## SESUALIDADE

## Sistemas primitivos de contracepción

Dr. CIPRIANO L. JIMENEZ

As *duchas* ou *lavados* *vaxináis* consisten en inundar ou irrigar a *vaxina* cun líquido, inmediatamente despóis do coito, pra lava-lo seme, que puidera quedar na *vaxina*. É un método ineficaz de contracepción, pois os *espermatozoides* chegan ó *pescozo* *uterino* ós dous minutos, despóis da *exaculación*.

A nivel caseiro e popular diferentes *sustancias* foron e séguense utilizando coma *contraceptivas*. As *solucións* de *xabóns*, moitas veces as *concentracións* altas co *risco* de *produciren* *lesións* (*ulceracións*) *vaxináis*, foron en *épocas* *difíceis* *empregadas* principalmente por *prostitutas*. Unha *vella* *prostituta* *relatáballe* ó *médico* *xinecólogo*, que a *trataba* no *hospital*, as *cualidades* *contraceptivas* do que *fora* tan *popular* *xabón* «*lagarto*». Outras *sustancias* coma: *vinagres*, *aceites*, *zume* de *limón*, etc. etc. foron e seguen sendo utilizadas nos *lavados* *vaxináis* coma *sustancias* *contraceptivas*.

A «*lactancia prolongada*» e empregada por moitas *mulleres* coma método *contraceptivo*, basándose na *crencia* *popular* de que a *ovulación* non ten lugar *naméntres* a *muller* *despóis* de *parir*

lle *dea* o *peito* ó *meníño*. Non *embargantes*, *nen* a *lactancia* *prolongada*, *nen* a *falta* de *regla*, *deben* ser *considerados* como *perfos* non *ferteis*, pois que *resulta* *imposíbel* *saber* *cando* *vai* *ter* *lugar* a *ovulación*.

Os «*espermicidas*», tamén empregados coma métodos *contraceptivos*, son *fabricados* xeralmente en *formas* de «*cremas*», «*xeles*», «*pastas*», «*aerosoles*», «*supositorios* *vaxináis*», e «*tabletas* *espumosas*», que *actúan* *matando* os *espermatozoides*. Os *espermicidas*, utilizados só, non son *eficaces*. O seu *emprego* *vai* *parello* *coa* *utilización* dos *preservativos* *femeninos* ou *diafragma* (dos que xa *falamos* en *TEIMA*). Os *espermicidas*, aplícanse minutos *antes* de que *teña* *lugar* *unha* *relación* *sexual*, non *podendo* a *muller* *realizar* un *lavado* *vaxinal* *hasta* que *pasen* polo *menos* *unhas* *8* *horas* *despóis* do *coito*. A *venta* de *espermicidas* *está* *prohibida* no *Estado* *Español*, *mentres* *noutros* *países* a *súa* *utilización* coma *métodos* *contraceptivos* *acada* *hasta* o 3%.

Os *espermicidas* *existen* en *forma* de a) *escumas* ou *aerosoles*, que son *probábelmente* os *máis* *eficaces*. *Atópanse* *compri-*

*midos* *nunhas* *botellas*, que *se* *axitan* *antes* de *introduci-* *la* *escuma* *nun* *aplicador* que *a* *depositará* *non* *fondo* da *vaxina*. b) os *xeles*, *cremas* ou *pastas*, *están* *contidas* en *tubos* que son *presionados* *manualmente* *dentro* dos *aplicadores* *pra* *dese* *xeito* *colocalas* *dentro* da *vaxina*, c) os *supositorios* *vaxináis*, *compostos* de *cacao* ou *glicerina*, *máis* *unha* *sustancia* *espermicida*, *colócanse* *non* *fondo* da *vaxina*, *minutos* *antes* *dunha* *relación* *sexual*, *derreténdose* *pola* *mesma* *temperatura* *corporal*, d) as *tabletas* *escumantes* *tén* que *ser* *humedecidas* e *colocadas* *mentres* *dura* a *súa* *efervescencia*, *non* *fondo* da *vaxina*, *antes* do *coito*. *Se* as *tabletas* *ó* *seren* *molladas* *non* son *efervescentes*, *non* *deben* *ser* *empregadas*.

Cos *chamados* «*sistemas* *primitivos* *contraceptivos*» *rematamos* *hoxe* a *análise* dos *diferentes* *métodos* *contraceptivos*.

No *número* 9 de *TEIMA*, *falamos* da *disociación* tan *longamente* *agardada* *pola* *humanidade*, *entre* o *amor-placer* e a *reproducción* *biolóxica*. O *importante*, *pois*, *non* é o *atopar* *aquel* *método* *contraceptivo* *máis* *idóneo*, *senón* o de *decidir* *entre* *fecundidade* ou *contracepción*. *Unha* *vez* *decidida* a *contracepción*, *informarse* de *cál* é o *método* *máis* *seguro* e *millor* *adaptado* *ás* *circunstancias* *socio-culturáis* e *psicolóxicas* da *persoa*. *Non* *embargantes* *isto* *pode* *contrastar* *coas* *disposicións* do «*Código* *Penal*», *relacionadas* *coa* *contracepción* no *Estado* *Es-*

*pañol*. *Di* *así* o *apartado* 416 do *capítulo* 111 do *B.O.E.* de 12 de *Nadal* de 1973, *páxinas* 3.707-3.708:

416 Serán castigados con *arresto* *maior* e *multa* de 5.000 a 100.000 *pesetas*, os que con *relación* a *medicamentos*, *sustancias*, *obxectos*, *instrumentos*, *aparatos*, *medios* ou *procedementos* *capaces* de *provocaren* ou *facilitaren* o *aborto* ou de *evitaren* a *procreación* *realicen* *calquera* dos *actos* *seguintes*:

1º. Os que en *posesión* de *título* *facultativo* ou *sanitario*, *meramente* os *indicaran*, *así* *coma* os que *sen* *dito* *título*, *fixeran* a *mesma* *indicación* con *ánimo* de *lucro*.

2º. O *fabricante* ou *negociante* que os *vendera* a *persoas* *non* *pertencentes* ó *Corpo* *médico* ou a *comerciantes* *non* *autorizados* *prá* *súa* *venta*.

3º. O que os *ofrecera* en *venda*, *vendera*, *espendera*, *suministrara*, ou *anunciara* en *calquera* *forma*.

4º. A *divulgación* en *calquera* *forma* que *se* *realizara* dos *destinados* a *evita-la* *procreación* *así* *coma* a *súa* *exposición* *pública* e *ofrecemento* en *venda*.

5º. *Calquera* *xénero* de *propaganda* *anticonceptiva*.

Con *todo* o *ano* 1974, o *Tribunal* *Supremo*, *daba* as *cifras* de que no *Estado* *Español* *se* *realizaran* 300.000 *abortos* *clandestinos* e que *unhas* 800.000 *mulleres* *utilizaban* a *píldora*.

O *contraste* *entre* a *realidade* e as *leis* *non* *necesita* *crítica* *ningunha*.

Seguimos *adiante* na *loita* *contra* os *castelanismos*. *Polo* que *se* *refire* ó *sustantivo* *tamén* os *hai*, *tanto* *no* que *toca* ós *sufixos* *nominais* *coma* ó *xénero* e ó *número*. *Hoxe* *imos* *falar* do *xénero*.

Non é un *secreto* *pra* *ninguén* que o *xénero* das *palabras* *cambia* *dunha* *lingua* a *outra*; o *dominio* *dunha* *lingua* *demóstrase* *precisamente* *nesas* «*sutilezas*». *Póis* *ben*, *pensamos* que a *ninguén* de *mediana* *cultura* *nin* *dentro* *nin* *fóra* do *país* *galego* *se* *lle* *ocurre* *decir* *el* *leche* *está* *frío*; en *cambio* *moitos*, *entre* *eles* os *locutores* da *TV*, en *Galicia*; *falan* de *a* *leite*. *Non* *se* *pode* *decir* que *a* *leite* *está* *morna*, *senón* que *o* *leite* *está* *morno*, *porque* en *galego* *non* é *femenino*. O *mesmo* *pasa* *con* *o* *sal*, *o* *mel*, *o* *cal* *o* *nariz*, *o* *labor*, *o* *fel*, *o* *costume*, *o* *mar*, *o* *lume* *o* *sangue* e *algún* *outro*.

*Hai* que *decir* *Alberte* *fixo* *un* *bo* *labor* (e *nunca* *unha* *boa* *labor*; das *labouras* xa *falaremos* *algún*

## A NOSA LINGUA

## Os cambios de xénero

CHARO ALVAREZ-FRANCISCO F. REI

*día*, *cando* *cheguemos* ó *léxico*); *o* *sangue* *está* *callado*; *évos* *un* *bo* *costume*.

Tamén son *masculinos*, ó *contrario* do *castelán* e *igual* *ca* en *portugués*, os *nomes* das *letras*: *o* *pe*, *o* *che*, *o* *i*, etc...

Outras *veces* o *fenómeno* *dáse* *xustamente* ó *contrario*, ou *sexa*, que *unha* *palabra* é *masculina* ou *ambigua* en *castelán* e *femenina* en *galego*. *Hai* que *decir* *a* *ponte* *é* *romana*, *mañá* *teño* *un* *exame* *da* *arte* *gótica* *e* *renacentista*, *élle* *unha* *boa* *análise* *da* *situación*, *évos* *unha* *cor* *moi* *escura*, *teño* *unha* *dor* *nos* *cadrls* *que* *ando* *media* *derreada*, *estóu* *que*

*abafo* *coa* *calor*. *Hai* que *fixarse* *moito* en *cómo* *fala* a *xente*; *ademáis* as *gramáticas* *falan* *abondo* do *tema*.

*Hai* que *ter* en *conta* que en *castelán* as *palabras* que *empezan* por *a* *tónico* *levan* un *artigo* *igual* ó *masculino* en *singular* (*el* *águila*, *el* *agua*, *el* *análisis*, *el* *arte*...). *Isto* *non* *pasa* *nunca* en *galego*, *senón* que *sempre* *se* *di* *a* *ai* *ga*, *a* *auga*, *a* *alma*, *a* *análise*, *a* *arte*, etc.; *non* *nos* *podemos* *deixar* *arrastar* *por* *eses* *el* *aprendidos* *na* *escola*.

Outra *particularidade* *preséntana* os *nomes* *rematados* en *-axe* que son *femininos*, *todos*

*aga* *garaxe*, *personaxe*, *traxe* e *viaxe* e *máilos* *referidos* a *seres* *sexuados*. *Así* *haberá* que *decir* *a* *aprendizaxe* *da* *lingua*, *o* *once* *de* *xullo* *é* *a* *romaxe* *de* *San* *Benitiño*, *non* *me* *veñas* *con* *esa* *linguaxe* *que* *che* *non* *entendo* *nada*, *ándovos* *aterecido* *con* *esta* *fríaxe*, *no* *seu* *lugar* *rendéronlle* *unha* *home-naxe*.

*Non* *cansaremos* *insistindo* *no* de *tódalas* *semás*: *estes* *son* *castelanismos* e o *galego* *non* *pode* *consentilos*. *Calquera* que *estea* *no* *xenio* da *lingua* *estará* de *acordo* *connosco* en que *decir* *a* *leite*, *a* *sangue*, *o* *auga* *ou* *o* *ponte* *é* *aberrante* e *mesmo* *insultante*. O *día* en que *estas* *cousas* *deixen* de *sorprendernos* e *alarmarnos* *teremos* *xa* *perdido* *moito* *terreo* *irrecuperábel*. *Compre* *loitar* *agora* *contra* *eles*. O *bo* *galego* *faise* a *base* de *cousiñas* *coma* *estas* e *non* de *retorcementos*, *ás* *veces* *absurdos*, *da* *frase*.





VILASO

Nin burgueses, nin de dereitas, nin capitalistas... Como se dun demo se tratara, os partidos asistentes a esta mesa redonda organizada por TEIMA rexeitaron calquera destes calificativos. «Non é un partido de clase», decía Carlos Baliñas, representante do PPG. «Estamos abertos a tódalas clases», afirmaba Victorino Rosón, do PDG. «Non somos de dereitas», insistiu Perfecto Yebra, do PGI. «Estamos fóra dunha dereita continuista e dunha esquerda de inspiración marxista», explicaba Euloxio Franqueira, do PPO. Nembargantes —aunque úns sexan considerados máis consecuentemente

## As forzas políticas explícanse

# (I) A dereita que non que

### Mesa redonda

### Nin unha a dereitas

#### AS PREGUNTAS

—¿Cómo lle explicaría, en poucas palabras a un home da rúa, qué é o seu partido?

—¿En qué situación se atoparía a, ó parecer, existente dereita democrática galega?

—¿Cómo entenden o artellamento de Galicia co resto do Estado español?

—¿En qué medida a actuación dos seus partidos está condicionada por alternativas que funcionan a nivel do Estado español?

—¿Cál é a súa actitude diante das eleccións? ¿Qué opina do «chamamento dos 29»?

#### OS PREGUNTADOS

Carlos Baliñas (Partido Popular Galego)

Victorino Rosón Ferreiro (Partido Demócrata Gallego)

Perfecto Yebra (Partido Gallego Independiente)

Euloxio Gómez Franqueira (Partido Popular de Ourense)

Só nos derradeiros anos de franquismo sectores moi minoritarios da burguesía galega tomaron un compromiso político democrático. Lonxe xa es tempos daquela outra guerra xorda dos corenta, cando al-

gúns superviventes do Partido Galeguista participaban en conversas e pactos que percuraban a caída de Franco, antes de que o millonario Garrigues sentara as bases do hoxe P.D., a traveso da sociedade anónima «Libra» —labor que en Galicia foi levado por País Ferrín—, e cando Meilán Gil era o «delfín» de López Rodó. Foron entón os primeiros intentos reais de sectores da burguesía pra se organizaren en forzas democráticas propias ou participaren en organismos de oposición. Exemplos de primeiro caso poden se-los grupos democristiáns arredor de Illa Couto, en Vigo, Pontevedra e Santiago, e de García Agudín, na Coruña —Unión Democrática de Galicia e Esquerda Democrática, respectivamente—. Exemplos do segundo, é decir, de compromiso en pactos que daquela tiñan coma obxectivo a chamada «ruptura de-

mocrática», poden se-la integración na Xunta Democrática de Galicia, presentada en marzo de 1974 en Portugal, de individualidades como Paz Andrade ou o mesmo García Agudín. Moitos ollos están postos na burguesía dialogante catalá e chégase a dar por feita a creación dalgúns partidos burgueses dispostos a un pacto coa esquerda que logo demostrarían ser unha invención ou un espellismo, como sucedeu cun tal Partido Liberal Galego.

#### DEMOCRATAS: AGORA SI,

Dos partidos participantes na mesa, somentes ún ten, pois, unha práctica real oposicionista: o Partido Popular Galego, resultado da fusión da Unión Democrática de Galicia e Esquerda Democrática xa ci-



democráticos ca outros, uns galeguistas e outros só de nome— todos eles xiran arredor dese espectro comúnmente coñecido como «dereita civilizada ou de rostro humano», aga o PPG pro que cecáis o termo máis axeitado, por agora, sexa o de «oposición razoábel», utilizado por R. Chao. XAVIER NAVAZA e MANUEL RIVAS falaron con estas forzas políticas. Encetamos así un espacio de conversas coas forzas políticas en Galicia.

PDG: LIBERALISMO ECONOMICO



VILASO

# re selo

tados, e que denantes de adoptar definitivamente este nome denominouse Unión Democrática Galega —non confundir cos silvistas—, e como tal estivo representado na presentación do Consello de Forzas Políticas Galegas en xaneiro de 1976, anque logo non apoiaría decididamente este organismo da oposición nacionalista. Os outros dous, Partido Galego Independiente e Partido Demócrata Galego —a igual que o Partido Popular de Ourense—, só se manifestaron coma tais partidos cando o estado de cousas o permitiu. O PDG fundouse formalmente en marzo de 1975, pro funcionou sempre a traveso da sociedade de estudos Libra S.A. O PGI xorde a mediados de nadal de 1976 e o día 28 deste mes será publicado o seu programa en toda a prensa galega. Dende o vran dese ano Meilán Gil viña falando da

creación dun Partido Regional Gallego Independiente «de centro e independente». A hora de falar do PDG e o PGI, algúns comentaristas téñen establecido unha diferenza de matiz: o PDG non tivo homes con significación política no franquismo, ó contrario do PGI, que aínda hoxe ten tres procuradores en Cortes.

## OS PERSOEIROS

O abogado Xaime Illa Couto —cecáis o que máis sona galeguista ten de tódolos políticos que imos citar— é o presidente do PPG. O catedrático da Universidade de Santiago, Carlos Baliñas, participante na mesa, é o vicepresidente do partido. Secretario xeral é o abogado do Estado Fernando García Agudín. A meirande implantación do PPG estaría nas denominadas «capas medias» e sectores profesionais. Ten un órgano periódico de expresión chamado «Vieiro» que se publica en galego e castelán. Forma parte, como membro autónomo, do «Equipo Demócrata Cristián do Estado español» e da «Unión Mundial Demócrata Cristián». O seu representante fixo notar a TEIMA que estaba na mesa por cordialidade pro que, de ningún xeito, se consideraba próximo politicamente ó resto dos partidos invitados.

«Alma mater» e presidente do PDG é o empresario, abogado e concellal compostelán Ramón Pais Ferrín. Foi promotor de dúas peticións de amnistía na Corporación municipal, participou en 1976 no consello da Unión de Empresarios de Europa, e en xunio deste mesmo

EULOGIO FRANQUEIRA: CON PIO



ano é elixido secretario xeral —o presidente é Garrigues— da Federación de Partidos Demócratas e Liberáis, da que forma parte o PDG. Outro home coñecido —que representou na mesa ó seu partido— é Victorino Rosón, que viría a ser presidente das xuventudes do partido. A súa actividade céntrase en Santiago.

Ademais dos procuradores en Cortes Fernández Calviño, Pérez Puga —agora presidente de Sodiaga, e Meilán Gil, outras persoalidades destacadas do PGI —que tamén o son do poder económico— son Corzo Diéguez e Graño Amarille. O representante do PGI na mesa foi Perfecto Yebra, profesor de Dereito na Universidade de Santiago e secretario xeral do partido.

Sobre súa ideoloxía e o seu programa, eles mesmos se explican.

«Ben, eu diría —escomenza Carlos Baliñas— que o PPG é un partido (unha corrente de opinión que comparte ou respeta a opinión doutros partidos) que se caracteriza por ser, ante todo, *popular*. E nós entendemos por iso algo feito pró pobo e do pobo, que non é privativo de ninguén... Non é, polo tanto, o noso un partido de clase, nin menos un partido de grupo, senón un partido de opinión. E *galego* porque nos outros queremos se-los herdeiros do *Partido Galeguista* de denantes da Guerra Civil; polo tanto conserva a súa bandeira —que segue sendo a mesma, sen ningún aditamento. O noso logotipo é unha roda cun home dentro porque, prá nosa corrente de opinión, a persoa humana é o máis importante. O PPG é, pois, un partido que quere ser humanista e que, dentro dos xeitos humanos, acepta un xeito diferencial galego».

Victorino Rosón, pola súa banda, dixo que «o PDG é un partido que cre por riba de todo na dignidade do home, da persoa humana. Está aberto a todo o mundo, a tódalas clases, pro non vai á defensa dunha determinada clase. Dentro do seu liberalismo, o PDG defende unha *tese federalista*: o federalismo non é somentes unha mera división administrativa senón unha das máis perfectas técnicas da organización da liberdade. De ahí ven o noso *galeguismo*, que non é artificial senón moí sentido xa que ve que Galicia é unha *rexión deprimida*, unha rexión que sempre estivo abandonada da man de Deus e que ten recursos dabondo pra se desenrolar plenamente «per se».

«A través da súa declaración de principios —dixo Perfecto Yebra,

do PGI— o noso partido calificouse coma unha organización *esencialmente galega*: nace en Galicia e pra Galicia. O PGI quere ser un voceiro, importante e cualificado, de Galicia nunhas futuras Cortes tanto constituintes coma as que lle sigan. O partido non está sometido a unha ideoloxía concreta senón que nel, dentro do que hoxe se denomina Centro, caben distintas opcións, aínda que se poida dicir que entre os seus membros hai unha clara tendencia de maioría —que queda por definir no Congreso Xeral— socialdemócrata, mais que non é nin exclusiva nin excluínte, xa que caben, mesmo, ademais de ideoloxías liberáis outras opcións que non teñan vinculación política ningunha pro que sí teñan un interese concreto por Galicia. En definitiva, o que pretende o PGI, nos seus principios, é levar adiante unha ampla *función social na rexión*. Quere ser un núcleo de converxencia pra solucionar-los problemas da rexión, tanto na política agraria ou industrial coma nos mesmos temas culturais».

«O PPO é unha agrupación política —comentou Euloxio Gómez Franqueira— que, partindo da defensa do pleno exercicio das liberdades humanas, *dentro dun orde* e unha convivencia pacífica, ten a preocupación do desenrolo e da promoción da *provincia* de Ourense defendendo e propugnando os seus intereses peculiares». O director da Caixa Rural Provincial de Ourense engadiu: «A nosa estrutura interna é a seguinte: un comité político de 30 membros cun presidente, dous vicepresidentes e un secretario xeral. A presidencia exercecese rotativamente por orde alfabético e por un período dun mes. Dentro do comité hai unha comisión de traballo formada por dez membros, que actúa permanentemente e que ten facultades decisorias. Hai, tamén, unha «comisión» permanente (o plenario) de 100 membros, elixida por tódolos afiliados e que, á súa vez, elixe ó comité político».

## DE DEREITAS, ¡NUNCA!

«O PPG non é un partido de dereitas —salientou Baliñas— así que, o seu representante nesta mesa, dificilmente pode contestar a unha pregunta que non se refire, en todo caso, ó PPG. O situarse á dereita ou á esquerda non depende dun senón de ónde o queiran mete-



los outros... ¿Onde estamos? Temos un programa e somos fiéis a ese programa: estamos, pois, nunha posición de principios pra ser fiéis a eles. O caso é que, dentro da realidade social, o PPG non se define coma un partido de dereitas».

—Denantes, demócrata-cristiáns... ¿por qué, agora, populares?

—«Uns determinados partidos, nunha determinada época, chamáronse demócrata-cristiáns. Agora, sin embargo, renunciaron xa a aquela *exclusiva do cristianismo* e renunciaron ó seu carácter confesional, pensando que aquela fora unha denominación de época. Entón, coidando que no que agora deben afondar é na persoa humana, nunha ideoloxía humanitaria... renuncian á súa denominación cristiá pra que quede ben claro que non son partidos que deban ter un apoio da Igrexa. Todo o cal non significa máis ca iso: que o PPG non considera necesario incluír na súa ideoloxía ningunha opción relixiosa.

O Partido Nacionalista Vasco fala de camiñar cara un *socialismo humano*. Tendo en conta as relacións existentes ¿camiña no mesmo senso o PPG?

—«Ben —contestou Baliñas—, tódolos partidos nacen dunha realidade humana; polo tanto, nacen dunhas persoas que tiñan uns anteriores vencellos determinados. Agora ben, aínda que o PPG figura nun equipo (xunto coa Reunión Demócrata Catalana, a Valenciana e o PN vasco...), esta é unha cuestión que non figura nos principios. Se ben conxunturalmente, se ben voluntariamente, se ben moi a gusto se atopa nun equipo, que quede ben claro que o PPG é galego e popular e non nun senso neutro: non é, en absoluto, *ningunha sucursal* nin está sometido a ningunha directriz nin menos a ordes exteriores... E un partido nado en Galicia, con *ámbito estritamente rexional* que non fai a competencia a outros e que é libre de determina-los seus principios e a súa estratexia, aínda que, con moito gusto, entre nun equipo...»

—Respecto daquilo do «socialismo con rostro humano», ¿camiña o PPG neste senso?

—«Ben, o PPG non está tan definido coma pra ter, xa, respostas a todo... Entón, persoalmente —suíña Baliñas—, podo decir que o partido non centra a condición humana no económico e, polo tanto, é un partido que non se define economicamente. O PPG non é *nin capitalista nin socialista*».

## ¿CAPITALISTAS? TAMPOUCO, TAMPOUCO...

«...O PPG non é nin capitalista nin socialista —repite Baliñas— e ademais penso que a pregunta xa condiciona á resposta. Somentes nunha ideoloxía onde o máis importante sexa o home económico, só esa ideoloxía ten que se definir polas formas de producir, distribuír e administrar-las riquezas... Polo tanto, o noso partido non se define e rexeita este plantexamento da cuestión. Con todo, como a propiedade é un feito, o noso partido si se achega considerábelmente ás condicións diso que nós non declaramos pro que, nefeuto, se declara *socialismo democrático*.

—Fálase, sempre, de «socialismo humano». ¿Non habería que falar, tamén, de capitalismo ou dunha *dereita con rostro humano*?

—«O PDG —di Rosón—, se o entendemos coma un partido de dereitas ou coma un partido que busca o orde, que busca o *pacto social* e que busca a *liberdade da propiedade privada*... entón é un partido de dereitas. Sin embargo, eu creo que os *términos esquerda e dereita* son uns *términos que deben ser superados*. Eiquí ó que se vai é á realidade programática dos partidos, á maneira de actuaren nun momento determinado».

—«¿Qué cómo se atopa a *dereita civilizada en Galicia*, a dereita con rostro humano? O que pasa é —dixo Rosón logo de facer unhas referencias históricas— que, en Galicia, nunca existiu unha dereita democrática: houbo unha dereita económica potenciada fundamentalmente polo aparello do Estado e non pola libre iniciativa privada».

—Logo, a actitude do PDG ¿sería potenciar ese inexistente liberalismo económico, esa burguesía industrial galega que non hai?

—«Agora semella que está a despertar unha dereita económica galega —engade Rosón— e que está a se ponteciar... Eu coído que é posíbel a postura do PDG: potenciar iso por tódolos medios. Quero decir que non ten que haber unha dependencia do aparello estatal porque *somos liberáls* e por iso mesmo cremos no esforzo privado, cremos no desenrolo galego a través da potenciación humana privada».

«O PGI nin se titula nin ten nada que ver —fala Yebra— con calque-

ra partido de dereitas, simplemente. Precisamente, ó longo do que vimos repetindo en distintas ocasións, o PGI non ten, hoxe por hoxe, unha ideoloxía concreta: non se escravizou ou non quere escravizarse a unha ideoloxía concreta».

## «¡SEXAMOS PRACTICOS, HOME!»

—«O que busca o PGI son *solucións prácticas*, pragmáticas, pra resolve-los graves problemas de orde socio-económico que ten plantexados a rexión galega. Neste senso, pra calificar un chisco ós partidarios da dereita —na orientación que, normalmente, favorece ó capital—, dende logo, no senso máis peiorativo da palabra capitalismo, o PGI está moi lonxe de calquera concesión deste tipo aínda que, nos seus principios, xa dixo ben claro que pensaba levar adiante un apoio decidido á *mediana e pequena empresa* ás que non considera, desde logo, capitalistas senón formas adaptadas pra solucionar problemas que van en beneficio de todo o pobo e non dunha determinada clase ou grupo concreto».

—Moitos dos compoñentes do PGI participan ou participaron do franquismo... ¿Qué di o seu partido diante desa crítica que pode haber de «neofranquismo»?

—«Ben —comenta Yebra—, no meu caso particular nunca participé en nada do anterior réxime político. Das outras persoas que están no partido, teño que decir que —con carácter xeral— o PGI ten angurias de futuro e non de pasado. Non queremos pasa-la vida discutindo duns anos que xa son historia. Se hai xente que participou, o que é indubidábel, e que semella que están a seguir de representantes a través de certos cargos de iso que é o franquismo... trátase dunha cuestión que pervive nas estruturas que se formaron nestes anos, pasados xa».

«Que haxa xentes engade Yebra— con poder económico, cousa que descoñezo, nin condiciona nin invalida nin é un atranco pra declaración de principios do PGI. Eu coído que iso pasa en tódolos partidos, máis ou menos, e a cuestión dependerá do comportamento desas persoas. No PGI é, digamos, un comportamento correcto e, polo demáis, atópanse na liña da declaración de principios e, sen lles importar, atéranse a ela».



PPG, MAIS A ESQUERDA...

Falando do artellamento dos partidos, Carlos Baliñas dixo: «O PPG está dentro do «Equipo Demócrata Cristiano» pro, nembargantes, esta *unión fraternal* non invalida a autonomía de cada ún dos membros pra fixación dos seus principios, prás políticas concretas... O ser federal significa, pra nós, un intento de *renovación da Constitución española* de maneira que se poida impedir que se plantexen problemas que, somentes, existen dentro dun Estado centralizador. O problema do rexionalismo, mesmo o problema do separatismo ou dos extremismos, só ten solución cun novo plantexamento a *nivel do Estado* na súa totalidade. Serán menos problemas se se empeza por recoñecer, polo de pronto, a persoalidade das partes do Estado que xa ven reivindicada dende hai moito tempo; mesmo, nunha Constitución na que estean comprendidas aquelas outras partes con persoalidade dabondo... No camiño dunha Constitución non se pode preve-lo que farán as Cortes Constituintes, pro é de sospeitar que aquelas rexións que hastra agora son do Estado, sexan xa *Estados Federáls*».

## FEDERAIS, SI; FEDERAIS, NON

«Supoño que xa quedou ben cla-



ro que nosoutros —Victorino Rosón— somos federalistas, pro entendemos que non é un obxectivo primordial desfacer todo o feito nestes anos por un prurito de presas. Por outra banda, cremos que o Estado español non pode recoñecer exclusivamente a personalidade de tres nacionalidades moi concretas: Vascongadas, Cataluña e Galicia. O plantexamento do Estado, neste momento, non debe concebi-las autonomías como privilexio: nosoutros somos partidarios de que vaia a autonomía alí onde sexa solicitada. Por exemplo, se Extremadura o quere, que teñan un estatuto de autonomía... Somos federalistas e concebimos ó federalismo coma unha técnica de organización da liberdade. No caso galego, coma unha arma de desenvolvemento económico e social; queremos que, o que xenera o pobo galego, quede en Galicia pra que esta non sexa un puro intermediario dos capitais».

«O PGI —Perfecto Yebra—, no problema do artellamento do Estado español, postula a autonomía rexional: unha autonomía que vai máis alá dunha simple descentralización, mais que non chega, necesariamente, ó federalismo. Se non aceptámo-la postura federalista é porque este non é un problema estritamente rexional senón que é un plantexamento que ten que vir a nivel do Estado español. Por outra

banda, o federalismo é un fenómeno que, desde os seus inicios, pasou a artellar distintos pobos nunha forma superior común e que foi, digamos, de máis a menos hastra chegar a un determinado grado de centralización. E dicir, sempre se federou o que estaba desunido e, nunca, o que xa estaba xunto. Neste senso, pódese comprobar que nunca existe un federalismo puro e como, moitas veces, ese federalismo queda nunha tradición e, mesmo, nun sentimento romántico. Por outra banda, en España non hai unha verdadeira tradición federal...»

Franqueira contestaba deste xeito: «Tendo en conta a problemática xenuína da nosa rexión, pro dentro da unidade de España, propugnamos unha ampla autonomía pra Galicia aspirando á descentralización de todo aquilo que nos leve ó desenvolvemento eficaz dos nosos valores culturais, industriais e agrícolas cara unha rexión próspera. Iso leva consigo o benestar común e unha auténtica responsabilidade cidadá».

**«INCONDICIONAIS DE NOS MESMOS»**

«O PPG non ten condicionamentos a nivel estatal xa que é plenamente autónomo, tanto respecto dos seus principios coma en canto a súa política concreta. A relación que mantén co «Equipo Democratacristiano» é mutuamente enriquecedora e baseada nunhas coincidencias previas, coas que se anticipa xa á estrutura do que sería unha futura Constitución Federal».

«No Congreso dos días 17 e 18 do marzo, celebrado en Madrid, quedou claro —era un dos temas conflictivos— que o PDG é totalmente autónomo nas súas decisións. Non dependemos de ningún xeito da «Federación de Partidos Demócratas y Liberales», na que estamos integrados. Se estamos nela é por razóns puramente operativas e de comenencia de cara a unhas eleccións e, ademais, porque somos unha familia ideolóxica que ten un sustrato absolutamente común».

«O PGI non ten vinculación ningunha con ningún outro grupo, nin a nivel rexional nin a nivel estatal. Isto non quere dicir que a rexeite senón, sinxelamente, que caso de se habela estaría motivada únicamente polas próximas eleccións dun xeito circunstancial. Sempre,



CADA UN CONTA A SUA FEIRA

marcando os límites: pola dereita, Alianza Popular; pola esquerda, todo o que sexa socialismo marxista».

Respecto das eleccións e, falando de unidade da oposición, do «chamamento dos 29» que publicaran recentemente distintas personalidades galegas, o PPG, segundo Carlos Baliñas, «non ten definida aínda unha actitude concreta ante as eleccións, sen excluir alianzas con partidos de ideoloxías semellantes. Polo que se refire ó «chamamento dos 29», o PPG xa ratificou o seu apoio xunto doutros grupos galegos no seu día, pensando que deben apoialo todos aqueles que teñan a convicción primaria da personalidade diferencial de Galicia».

«O PDG —dixo Rosón—, coma integrante da «Federación de Partidos Demócratas y Liberales», da que é secretario xeral o noso presidente Ramón Pais Ferrín, suscribiu o «Centro Democrático» dende o intre da súa creación aínda que cada ún dos partidos da Federación ten que ratificar se pertence ou non ó «Centro Democrático» Por outra banda, nosoutros non sabemos, aínda, se nos presentaremos ou non ás eleccións: se imos a elas é pra cubrir un dos escaños que hai por provincia. A última resposta dará o Congreso, que terá de se celebra-lo 23 de abril en Santiago de Compostela. Respecto do «chamamento dos 29», o PDG non

plantexou unha resposta conxunta e coma partido, mais sí os membros da súa executiva que o suscriben plenamente».

«O PGI presentarase polas catro provincias galegas. Se o fai só ou acompañado, depende das conversas que se están a levar adiante agora con outros grupos e persoas. Polo demáis, o momento político non deu aínda lugar a posturas sólidas en política. Do «chamamento dos 29» —engade Yebra— non nos pronunciámos aínda dadas as dúas opcións do comunicado: federalismo ou autonomía pra Galicia, porque o PGI somentes asume a postura rexional...»

«Coma todo partido político —dixo Franqueira— que está legalizado, concurremos ás eleccións parlamentarias pra tratar de acadalo máximo número de escaños no Congreso e máis no Senado. Participaremos, pra iso, con honradez e limpeza, pro loitando con tódolos partidos opoñentes».

NOTA: O P.P.O., representado polo señor Franqueira, respondeu por escrito, en Ourense, a Alfonso Sánchez Izquierdo)

O SORRISO DO PGI



VILASO





## Non xove a gusto de todos

Galicia entrou con pleno dereito na loita contra as centráis nucleares. Máis de cinco mil persoas acudiron o dez de abril a Xove pra berrar non á nuclearización. Tamén berraron outras cousas que non estaban no programa. TEIMA desplazou alí un equipo de redactores que recolleron información documental e gráfica, que agora ofrecemos.



Cando o domingo 10 máis de cinco mil galegos (e algún asturiano) escoitaron en Xove o son da gaita, decatáronse de que estaba felizmente cumprida a marcha antinuclear. Quedaban atrás doce kilómetros desta peregrinaxe á procura de novos tempos por unha tortuosa carretera que enche de baches a beira do Cantábrico. Como testimonio gráfico do seu paso, á entrada do municipio, unha man cargada de *spray* fixo a guerrilla do idioma achegando topónimo e realidade (cambeou *Jove* por *Xove*).

A semana anterior tivera en toda Galicia un sinal, ir a Xove. Dende Vigo a Lugo, pasando por tódalas vilas e mesmo polas aldeas, de Ourense á Coruña, todos falaban de movilizarse. Viveiro era a Gran Plaza de Galicia na noite do día anterior e na mañá do do-

mingo pra recibir, por tódolos ruerios, ós peregrinos da ecoloxía. Moita xente coidou, diante da nota de prohibición feita pública polo gobernador de Lugo, corenta e pico horas antes, que habería dificultades pra entrar na vila e adiantou a chegada unhas horas. Pegatina no peito e bandeiras no fardelo, mozos e mozas encheron fondas e hotéis e acamparon a súa protesta na beira da ría. Os cafés da beiramar non daban abasto, mentres un fato de rapaces que viñeron de Asturias cantaban ó Che Guevara.

Redactores de TEIMA acudiron cedo pra ver como se formaba a marcha. Pouco máis tarde das dez, un celoso servizo de orde montado pola Asamblea Nacional Popular Galega (AN-PG), estrela roxa e bandeira galega no brazaletes, coordinaron o primeiro

núcleo da manifestación que empezou con algo máis de cincocentas persoas. Unha discreta vixilancia exercida por gardas civís de Tráfico asistía á formación da ringleira que encabezaban labregos de Xuances e Portocelo. A xente miraba con desconfianza o paso das primeiras curvas porque non en balde a primeira autoridade de Lugo afirmou estar disposta a para-la marcha polos

vellos métodos, é dicir, polas malas. A cousa foise animando coa chegada dos primeiros autobuses e a certidumbre de que a Guardia Civil non parecía ter orde de poñer atrancos a unha manifestación da que os organizadores destacaron sempre o seu carácter pacífico. Cando os primeiros camiñantes chegaron a Celeiro, a uns catro kilómetros do punto de partida, xa era practicamente imposible ver unha panorámica de toda a ringleira. Eran xa miles de persoas as que rubían polas empedradas do barrio mariñeiro entre olladas de curiosidade e, as veces, os aplausos dos veciños.

### ORDE, ORDE

O servizo de orde actuaba perfectamente coordinado e mantivo un estricto



LUIS GALLOL



to — algunhas persoas comentaban en voz alta que «escesivo» — control sobor dos participantes. Insistíase en garda-la «fila india». Houbo un intre de alarma cando ó pouco de saír de Celeiro pasaron dous «jeeps» da Guardia Civil, pro estes continuaron camiño cara a Xove sen siquera deterse. De certo, a actividade dos gardas limitárase durante todo o día a dirixi-lo tráfico. A metade de camiño chegan novos autobuses. Están ocupados sobor de todo por militantes do MCG — partido que ó parecer fixo xestións ante os organizadores pra que a saída retrasara ás doce, por dificultades de desplazamento —, e do PCG. O servico de orde coidou de que os recién chegados non se integraran senón ó remate da «cola». «Mocos» e «peixes», pois, víñan maiormente nas últimas posicións. Máis tarde, esta toma de distancia física na marcha convertírase nun distanciamento político aínda máis agudizado na concentración diante do adro da igrexa de Xove.

Xa perto de Xove algúns grupos cantan cousas do país, máis ben polo baixiño, a xente fala da fermosura da paisaxe e escóitase algún que outro «piropo» a FENOSA e ós grupos monopolistas. O que máis e o que menos achégase ás fontes pra botar un grollo de auga. Auga que escomenzará a caír paseniño do ceo cando ó lonxe se ven os primeiros tellados de Xove. «Dóenme os pés», dirán moitos camiñantes, mentres outros botan de menos unha bota de viño. Hai bromas entre a xente e un manifestante toma de coña ós rapaces do orde. «Ordenanza — grita — pásame a botella de auga». Unha militante do MCG cabréase porque lle mandan garda-la fila autoritariamente. Arrinca entón a pegatina que levaba no peito, pona no brazo e resposta: «Eu tamén son do orde, métete tí na fila porque nesta banda son todos dos meus».

Ninguén podía decatarse a estas alturas de que todo la rematar como rosario da aurora. Había alegría entre os grupos e todo escomenzara a coller certo aire de festa de aldea ou de romería laica indudábel. As primeiras casas de Xove tiñan as portas cheas de miróns e seguía alí o comportamento correctísimo dos gardas de Tráfico que paraban os coches pra que a manifestación poidera torcer á esquerda cara á igrexa.

## O ENFRENTAMENTO

En poucos minutos apareceu cheo o adro. Fotógrafos e periodistas tomaron por asalto o campanario pra situárense non verdadeiro lugar de excepción. Un rapaz que levaba unha bandeira envolta nun pau subíu até o mesmo curuto do campanario e sentouse no remate da espadiana. Os «anepegos» do orde controlaron como puideron a entrada ó adro, disque mesmo pra que non tiveran acceso máis cós «nacional-populares». Unha banda de gaiteros arrincou con música do país e coreou a xente de seguida. A carón das gaitas e dos pandeiros ficaban algúns persoeiros da AN-PG e da UPG atentos a todo o que pasaba. Noutra banda, máis lonxe da igrexa, situáronse dúcias de militantes doutros partidos e permaneceron tamén á expectativa.

Paran de toca-las gaitas. E, de sutaque, o rapaz encaramado na espadiana escomenza a ondea-la súa bandeira, roxa e coa espiral e as siglas da Unión do Pobo Galego. Coma unha soia persoa, no adro despréganse moreas de bandeiras coa estrela roxa e outras da UPG mentres que, cada vez con maior intensidade, vanse erguendo do chan berros de «Upegá, upegá, upegá». «Coa Upegá o pobo galego vencerá» e outros máis espaciados de «Anepegá, anepégá». Estralou entón o que se cadra veuse cocendo nos derradeiros metros da marcha: o enfrenteamento radical entre as forzas políticas participantes. Quedou a un lado o chamado Bloque Nacional Popular (UPG e AN)PG e no outro, o resto da oposición.

Subido a unha parede, enfrente do adro, Rafael Pillado, do comité executivo do Partido Comunista Galego (PCG), megáfono en man tenta toma-la palabra. Hai un gran rebumbio xa que militantes «nacional-populares» tratan por tódolos medios de impedir que Pillado fale Victoria Díaz Cabanela, tamén dirixente do PCG, e Rubén Fernández, do MCG, levan algunha que outra labazada no medio da liorta. Posteriormente, Pillado declararía ós medios informativos que el sóo quería utiliza-lo megáfono pra «pedir calma ante o cariz sectorio que estaba tomando o acto». Prá UPG e AN-PG as cousas foron ben distintas: Pillado quixo aproveitarse oportunisticamente da convocatoria pra facer propaganda do seu partido. Estívo-se a piques de rematar nunha auténtica batalla campal. Os berros comúns de «que falen os labregos» acalarán a liorta. O primeiro en falar dende a parede do adro será un veciño de Xove, Antón López Pernas, ó que cáseque non se lle escoita. El non ten megáfono nin as augas están de todo tranquilas. Antón agradecerá en nome das Comisións Labregas de Xove a presenza masiva de



xente. «Isto é unha mostra de que os labregos galegos escomenzamos a abriolos ollos e a non comulgar máis con rodas de muiño».

Emilio López, das CC.LL. de Galicia, saudará a «valente loita contra a tristemente célebre empresa monopolística Fenosa». «Os de Xove — dirá — como agora os de Lema (Baldaio), convertíronse nun símbolo de unidade da loita labrega contra a explotación e en todas esas loitas as CC.LL. estamos presentes». Entre párrafo e párrafo e ó remate da lectura repítense berros comúns a tódolos participantes, como, por exemplo, «Non á nuclear», pro dáse con máis frecuencia o enfrenteamento nas consignas: UPEGA, ANEPEGA, NON A COLONIZACION, etc. por un lado; UNIDADE, NON A NUCLEAR, etc. por outro.

O seguinte en falar será Xosé Barbeito, das Encrobas, quen chama á unidade e á calma. «Temos que demostrar que os galegos somos cívicos». Será fortemente aplaudido por tódolos participantes sen excepción.

## ¿PERDEU A ESQUERDA?

O derradeiro orador vai ser Ramón Valcarce, o crego de Sésamo detido cando o «das Encrobas». As súas verbas serán con moito as máis radicais e falará da necesidade dunha loita anticolonialista pra rematar «co imperialismo». Novo enfrenteamento nas consignas e maior número de berros: Upegá, Upegá...

A traca final ven cando os concentrados escomenzan a se disolver. Uns van por unha caenlla que colle á esquerda, os da UPG e da AN-PG. Outros seguen dereitos o camiño que vai cara á

carretera (PCG, MCG, CC-OO, PT-PCU, LCR, CC-CC, ADA) e alí improvisan un acto unitario contra a instalación da central nuclear de Regodela. Nel falan tamén un vasco e un asturiano. Mentres tanto, outra parte da manifestación, absolutamente minoritaria, fica no cruceiro sen comprometerse con ningunha das dúas saídas. «Negámonos — dixo un dos seus portavoces — a facer dunha contradicción que existe, a do nacionalismo-españolismo, un antagonismo que divide ó pobo». Eran os da Asambleia Popular Galega e algún menos do Partido Socialista Galego.

Logo virían as explicacións de cada quen. Houbo acusacións mutuas de provocación e o de Xove presentábase xa na realidade coma desencadeante dunha polémica que pode ter amplo eco na vida política do país. Prá UPG e prá AN-PG, todo un éxito (chegaron a asegurar que había oito mil persoas das que 7.500 eran deles). Prós outros, todo rematou coma o rosario da aurora por quere-la UPG monopoliza-lo acto e convertí-la protesta contra unha nuclear nun acto político sectarista. Alguén chegou a decir que a esquerda perdeu ese día en Xove despóis de ser ela a única que movilizou esforzos, ideas e personal pra loitar contra Fenosa.

Nembargantes, a festa rematou en paz en Viveiro onde volveron a encherse as tabernas e os cafés de xentes de toda Galicia que escomenzaban a esquence-la tensión das últimas horas. «Xa era hora — diría a TEIMA un vilego — de que chegaran aquí libremente as cores da política. Eu nunca víra tanta bandeira sen que detrás corra un garda».







«Querennos chupar a marisma que foi sempre dos veciños», dixéronlle a TEIMA varias persoas de Miño namáis preguntar polo que pasa co proxecto da urbanizadora Playa Grande de Miño, SA. «Eu non sei aínda ben quen ten razón neste asunto», respondería pola súa banda o dono dunha cafetería e de varios pisos que se alquilan ó chegar a temporada do vran.

O que poucos dixeron é que se deba levar adiante a urbanización da zona de marismas que arrodea a praia por debaixo da vila. Máis ben, parece que a oposición pode xeralizarse chegado o seu intre e, de feito, xa pasou esto cando os interesados en roubarlle terra ó mar mandaron as máquinas pra reenchener a lagoa. Xente interesada no choio da marisma pensou que estaría ben construír casas ou chalets no terreo que se sitúa entre a vía do tren e a praia. Indudablemente, Miño non ten capacidade abonda de absorción do turismo que visita a vila no vran e pode ser bon negocio vender e alquilar pisos e apartamentos por temporadas.

A idea xurdiu nun grupo de inversores da Coruña, ligado ós irmáns Corzo Diéguez, a Graño Amarelle e ó presidente do Club Deportivo Antonio Alvarez, principalmente. Disque tamén anda polo medio xente de Meilán Gil e dende logo é seguro que se conta a presenza dos banqueiros e inmobiliarios da familia Etcheverría. Todos eles, e alguén máis, constituíron a xa citada sociedade anónima que compróu parte da superficie da marisma ó ex-alcalde de Sada, Xoán Fernández Arévalo, en 66 millóns de pesetas. Segundo se conta por Miño, este señor comprara antes ós herdeiros de Ignacio García Novoa en 36 millóns, dos que non chegou a pa-

gar máis ca dous. Tanto na operación como na promoción da construción de bloques figura directamente implicado e moi interesado o alcalde da vila, Xosé López Montero.

#### «FACE-LO NEGOCIO»

«O curioso do caso —respondéu un dos opositores do proxecto— é que no ano 1975 aprobóuse un plan de urbanización no que se contaba con salvar as marismas. Aquí pasou unha cousa moi rara como é que o índice de edificabilidade previsto por ese plan fora do 0,5 e que, por arte de birliriloque, pasara despois a ser do 1. Indudablemente, alguén quer facer aquí o seu negocio a costa de todo Miño». «Toda a comarca —dixo outro veciño— resultaría seriamente afectada se se erguen os bloques de apartamentos que queren facer. Hai que pensar en que moitos de nós, case todos vivimos do que nos dá precisamente ese cacho do mar. Nas marismas cóllense berberechos e ameixas en grandes cantidades pois hai alí bos criadeiros. ¿Qué pasa se se constrúen as casas? Pois que nos levan todo por diante as escavadoras e mailas palas». De feito, dende hai un ano houbo varios intentos de face-lo *relleno*



## Miño

# Non rotundo urbanización marisma

Dende hai meses, boa parte dos veciños da vila coruñesa de Miño andan coa mosca detrás da orella polo que pode pasar coas marismas que arrodean aquela poboación. Un poderoso grupo promotor da Coruña quer seca-la lagoa e levantar casas de máis de vinte metros de altura entre a praia e a capital municipal. Hai quen dí que se trata dun caso máis de atropello urbanístico e paisaxístico que abrangue tamén á economía modesta das xentes que viven do mar, que non reparan en dicir que van ter que emigrar se se fai a urbanización.

Pra saber o que pasa, TEIMA mandou a Miño a *Perfecto Conde* quen falou cos afectados e redactou despois esta información sobre o que está a pasar en Miño.

das marismas. Na derradeira ocasión os veciños baixaron ó lugar e paráronlle os pes ós urbanizadores. «Denantes protestamos —contaron a TEIMA— a tododiós. Cartas ó gobernador, ós ministerios, ás autoridades costeiras, á Mariña, a todos. Non nos fixeron moito caso e foi entón cando coidamos que a defensa tiñamos que face-la nós mesmos». Días despois o Axuntamento ordenaba tamén a paralización e salvou, polo de agora, a marisma. «Será un atropello pró pobo —voltamos a recoller da opinión popular— e, se nos quitan a marisma e maila praia, teremos que ser moitos os que emigremos. Ou nos paran esto ou, se non, seremos todos vítimas dunha grande inxusticia».

O asunto ten, máis ou menos, o seu orixe polo mes de xaneiro de 1976. Entón é presentado no Axuntamento un plan urbanístico pra praia de Miño que comprende a edificación dunhas 1.600 vivendas que irán aloxadas en

edificios que alcancen hasta 23 metros de altura. A Corporación deuse presa en trata-lo asunto e, vintecatro horas máis tarde, reuníase con carácter extraordinario pra discutir exclusivamente dito proxecto que foi aprobado con 7 votos a favor e 3 en contra. «O pobo —informaron a TEIMA algúns veciños— nen se enterou do que estaba pasando xa que nen tempo deu a decatarse das propostas que facían os promotores e que se refiren a unha das mellores praias de toda a provincia da Coruña».

#### DESFEITA ECOLOXICA

A preocupación dos afectados está en que, aparte da destrución dun bon cacho do mar que ten excelentes criadeiros de marisco, a construción dos bloques de vivendas con similares características pode perfectamente quebrantar a ecoloxía da zona debido a



# o á n da



que, cando se enchera o estuario, cambiarían os fluxos e refluxos das corrientes de maneira notable. «Non é somentes que se atente contra a incomparable beleza dunha zona privilexiada, senón que tamén se destrúe o medio de vida de moita xente que vive do mar. Miño tivo a sorte de resultar extraordinariamente dotado pola natureza e esto fíxolle acadar a categoría de ser un verdadeiro centro turístico. Se se fai o que queren facer os poderosos, borrarásese toda esa beleza e iráse con ela a riqueza que nos trae o turismo durante o vran e a non menos importante que nos dá a mar ó cabo de todo o ano. Rompérase a unidade do conxunto a praia quedará illada do resto da paisaxe taponada

hectáreas somentes na parte comprendida entre a praia e a Ponte do Puzo. ¿De quen son as hectáreas non escrituradas? Os veciños din que son deles, polo menos esas 28 que non foron vendidas no seu día.

Parece ser ademais que o alcalde tentou camelar ós veciños co ofrecemento que fixo o presidente do Deportivo, presidente tamén da empresa interesada na posesión da marisma, de construír un magnífico campo de fútbol. «O pobo de Miño —din os que se opoñen— ningún ten que regalarlle nada porque, aparte desas 28 hectáreas comunales nunha das mellores praias que se pode imaxinar un, ten tamén moitas hectáreas no monte Gallamonde, a un

dos é a de que existen particularísimos intereses en levanta-la urbanización. Algún veciño fala de que determinados deputados provinciais poden andar mettendo influencias polo medio pra que a empresa saia coa súa. Como dato concreto, baste señalar que a Xefatura de Costas comunicou o sete de abril de 1976 a prohibición de que se continuaran as obras emprendidas pra reenchela zona. A pesares de todo, as máquinas da obra seguiron terrando como aparece constatado na acta notarial levantada polo notario Xosé Ramón Rego Lodos o dous de marzo deste ano. «Comprobo —testimoniou o notario— que hai unha pala mecánica que está a facer traballos de reenchido sobre as marismas ou xuncal do río Raxoi. Pregúntolle ó conductor da pala os seus datos persoais, negándose a dallyos, dime que non sabe pola conta de quen se fan os traballos e que o dono da pala é o que figura no rótulo lateral da mesma, no que hai a seguinte inscrición: Regueiro, teléfono 430413, Puente de Eumes».

«Pois pra conseguir que pararan de furar e de aterrar —responden os veciños— tivemos que ir alí a poñernos diante. Dende o cuartel da Guardia Civil telefonamos á Comandancia de Mariña e despois incluso ó Departamento Marítimo do Cantábrico. O día seguinte chegou a orde de que non seguían as obras. O que non sabemos aínda é como vai quedar o asunto. Nós o que queremos é que se esquezan os promotores máis Axuntamento desta urbanización. A praia é nosa e queremos-la pra nós, non que sirva pra que os intereses dos privilexiados se vexan aínda máis favorecidos». Nunha palabra, en Miño hai quen pensa que a urbanización somentes pode beneficiar a uns poucos que especularán co chan. Foi a opinión que manifestaron en numerosos escritos dirixidos tanto á opinión pública como ás autoridades en diversas ocasións. Sí o campo de fútbol, non á urbanización» gritaron a raíz dunha reunión que fixeron os membros do Club Miño e que, por certo, foron ameazados polo alcalde con disolverlos chamando á Guardia Civil.

De tódolos organismos oficiais ós que recorreron, somentes están satisfeitos pola resposta que lles deu o director xeral do Patrimonio Artístico e Cultural. «A urbanización proxectada —comunicoulle por escrito oficial— significaría un gravísimo atentado, non somentes á paisaxe formada pola actual lagoa, senón tamén ó seu entorno e ás características ecolóxicas e ambientais da zona, destruíndo o pintoresquismo da comarca eumesa e anulando a finalidade perseguida polo decreto da súa declaración. Por tales razóns, considera esta Comisión que non pode aprobarse o proxecto presentado».

## NON DERON A CARA

«Tódolos demais —din os afectados— non deron a cara aínda e somentes Mariña paróu as obras cando xa se vía que non quedaba outro remedio. ¿Qué agarda o gobernador, qué pensan os ministros do ramo do que está a pasar en Miño? Gustaríanos que se tomaran cartas no asunto e que, dunha vez por todas, se non quitaran de encima as preocupacións graves que temos que ter á forza. De non facelo, imos ser nós mesmos os que loitemos contra esta cacicada que dá noxo que suceda nunha vila coma Miño. Non queremos a urbanización, xa o dixemos moitas veces e seguiremo-lo decindo onde, cando e como faga falta».

Son as historias da especulación indiscriminada que afoga por tódolos sitios o chan galego. A torre de Toralla escandalizou ós de Vigo, e fíxose. O bloque de apartamentos da praia da Areoura, en Foz, ameazou con facer desaparecer mesmo a última area, e escomenzou a facerse. O edificio Castromil de Santiago pediu toda Galicia que non se tirara, e tiróuse. Un teniente de alcalde gañou as iras dos veciños por unha casa que fixo comendo a rúa, pro fixoa. Protesta o Colexio de Arquitectos, protestan outras corporacións profesionais, protestan todos. Pero as obras fanse como se fan. «¿Hasta cándo?», preguntaba un dos veciños de Miño que recibiu ó redactor de TEIMA que foi aló pra ver o que pasaba.



da polos mastodontes de ladrillo e cemento que nos queren erguer diante das narices. O alcalde e a xente de que se arrodea deberían ser frenados por quen corresponda pra que non atropelaran dereitos que son de todos».

Polo medio de todo hai un verdadeiro contencioso, agora pendente do Tribunal Supremo, pra saber quen é o dono da marisma. Segundo unha escritura notarial que data de 1877, o Estado vendéu a particular unha extensión de algo máis de 29 hectáreas pero tamén hai unha carta náutica da Ría de Sada-Betanzos na que se consignan 57

kilómetro do centro da vila onde se poden facer non un senón vinte ou trinta campos de fútbol e incluso celebrar unha olimpíada internacional se se quer. Que non nos veña ningún con rolo que sabemos ben por onde queren leva-los tiros».

## INTERESES NA URBANIZACION

A impresión que saca TEIMA despois de escoita-la opinión dos afecta-







«O que che digo é unha cousa: en canto poida marcho desta empresa, pro antes hei de preparar un bo cristo pra publicalo (se é que hai alguén que queira facelo). Hastra teño pensado o titular do traballo: ¿lembras aquel slogan que tiñan na T.V. de «Venga a pescar con nosotros?». Polo pouco, foderlle a publicidade, amáis de decirlle á xente que lle pode pasar isto e estoutro, vai vivir vostede nestas ou nestas outras condicións, pra que lle paguen isto e lle deixen de pagar isto...»



HOXE PESCAMOS BEN

Cando hai uns meses a crise das 200 millas petóu na porta da industria pesqueira galega, as pequenas embarcacións dos pequenos patróns quedaron no paro por non ter condicións pra iren faenar a mares lonxanos; os grandes barcos dos grandes patróns cambearon as súas bases do Atlántico e Cantábrico polas de Canarias e os caladeiros do Grand Sole polos africanos. Os mariñeiros, tendo que se decidir polo paro ou pola emigración, remataron nos barcos dos grandes homes da pesca. A.G.M. foi un deses mariñeiros. O relato que segue —feito a partires das cartas que lle mandaba á súa moza— conta como lle foi a experiencia nos caladeiros saharauis.

## Diario de dous meses con «Pescanova S.A.»

# «Venga a pescar con nosotros»

Hoxe temos forza 6-7 e xa andamos a rolos pola cuberta, e pra mete-los aparellos houbo que facer máis números ca un físico nuclear. O barco non ten condicións, nin de habilidade nin de seguridade: sen patróns, sen motoristas, auga racionada; corenta días de mar,

amontoados nove homes nun rancho sen case ventilación. E isto con forza 6-7, que como veña vento de forza 9 haberá que se agarrar ás orellas.

Mais eles son inatacabeis e aquí, en Canarias, sentense tan seguros que fan auténticas cafradas. En te-

rra, dixéronme que as poucas veces que foron a Maxistratura gañaron sempre. Así que bota contas de como está o percal.

\* \* \*

Son as dúas menos un cuarto dun día 29. Cando quedan tantos días

de mar pola proa, máis vale contar por toneladas. Medi-lo tempo, na vida parecúeme máis, absurdo ca aquí.

Hai un barco xaponés que cruza a praia e xa nolos ten ben inflados. Porriba, non se lle pode meter man, pois é moito máis grande ca nós e igual nos leva a rastras hastra Rokio.

Dormín coma un cepo e aínda non estou moi certo de andar desperto. E cachondo isto: o ceo está totalmente despexado e zoa un norte que fai estar co chaquetón.

Unha festa diante de nós: o xaponés foi contra outro barco que resultou máis chulo ca el —seguro que era un galego con pelotas—. Se nos descoidamos un pouco, cóllenos no medio da festa.

Xantéi unha paella, cousa fina. O cociñeiro é porco, pro cociña ben; o malo é ter que apartar, ás veces, algunha cucaracha.

\* \* \*

Teño sono. Dormín tres horas e media, que non me chegaron a







MAREAS DE CORENTA DIAS

nada e anda un pouco aparvado. Esto de andar canso deprime moitísimo. Só tres ganas de rematar pra ir dormir. O que máis me toca as ventas é a garda de medianoite. Os ingleses chámanlle a *garda do can* e teñen razón.

Aquí o primeiro de máquinas e máis eu pensamos xogalas cervexas ás carreiras de cucarachas. Leván uns días paseando coma se foran tripulantes de plantilla. Non, se xa digo eu que hastra deben ter cartilla de navegar e certificado de competencia mariñeira, porque co meneo do barco non sei como raio se apañan pra andar polo teito.

\* \* \*

Onte domingo foi o día máis movido de cantos levo no mar. Empecéi o día con sono, facendo virguerías resistín desperto hastra a hora de deitarme, puíden dormir tres horas e xa de garda outra vez. Bueno, pois cando quedaban dez minutos pra mete-lo aparello, apareceu un barco de Santander por babor: nós a escapar e o tío coma se nada; así hastra que, sen podermos facer

nada por evitalo, deunos un cacharrazo na popa. Crín que nos botaba a pique e puxéronseme de corvata. Pra colmo, embarrancamos.

Xa ves: esta é a capacidade de aventura que pode ter este rollo. Cun día así despexa-la berza prá unha semá.

Nunca vira un mar de leva coma este. Son as olas que veñen despóis de pasa-lo vento, terán uns catro metros e pasan espaciadas uns cen metros. E curioso. Danlle ó barco un movemento lento e maxetuoso, coma se fora un elefante bailando un vals. Dende logo o enxeñero que deseñou esta cañeira debeu quedar ben descansadiño despóis do parto. O millor que lle puido pasar era ir a pique nas probas de mar ó saír do asteleiro.

Isto de que a auga estea racionala éche un carallo. Hoxe duchéime cun caldeiro que manguéi na cocíña. Se me cacha o Ferreiro, lárgame a bronca. Non quero estar unha semá sen poder ducharme: se se esgota a auga, que nos dean máis no buque-factoría ou que o noso barco faga terra, que aquí non ven ún a sufrir pra engodar a «Pescanova»,

ou, polo menos, non a sufrir de máis, que putas xa se pasan dabondo.

\* \* \*

¡Qué cativo é o barco! Só pensado pra pescar, os homes coma sardiñas nuns poucos metros cadrados. O negocio é o negocio e o sitio ten que quedar pró peixe. ¡Asco de «Pescanova»!. Cada día téñolle máis noxo a esta empresa. ¡Se se puidera facer unha denuncia a Sanidade Exterior! O botiquín é un material de curas ruín e ningunha outra cousa: non hai calmantes nin antibióticos, nin nada de nada. E isto non é só neste barco, é igual en case tódolos que a empresa ten aquí. Co conto de que na factoría hai médico tapan todo, pro, como estas a unhas poucas horas da factoría, morres e santas pascuas, que non hai nada que che dar. Non me extrañaría nada que se algunha autoridade de Mariña recibira unha denuncia, tentara de meterlles man, non sexa que con isto da democracia e de que se lle poidan pedir responsabilidades, quen remate fodéndose sexa el.

E mediodía, vai calor e estóu en

pantalón corto. A xente dorme a sesta. Parece coma se o barco agardara esta hora pra ir máis paseniño, pro non é verdade. A velocidade de arrastre é a mesma e a pesca vai entrando no aparello.

Hoxe é sábado e mañá será domingo. Irá aló outra semá máis e «Pescanova S.A.» será un pouco máis rica mentres que nosoutros teremos tamén un pouco máis de claustrofobia. A xente de terra estará a piques de volver do traballo logo de xantar e nosoutros eiquí, esquentados, metidos nunha cañeira pra que a xente coma peixe, proteínas pra seguir producindo.

\* \* \*

O «Tigre» di que se ún se complica a vida pidindo moito, a empresa pono na rúa. Este tipo tenme asqueado. E un vendido e pra el non hai máis que «pescar ó por cen e que se foda tododiós». Vai pra tres horas que embarrancou un barco de Santa Pola a unhas quince millas de nosoutros. Mandóu un S.O.S. e o animal este non tivo millor idea que pecha-la radio decindo: «Hai moitos barcos por aquí e algún irá. Millor pecha-la radio pra non cargar moito as frecuencias».

\* \* \*

Pasamos uns cantos días moi foidos, por culpa do mar que estaba feito unha verberna, chea de barcos que pasaban coma tolos. Pescamos ben e desta descarga botaremos seis-sete toneladas. Se todos pescan coma nós, pouco peixe vai quedar prós saharauis pra cando liberen a súa terra.

Hoxe duchéime en calzoncillos, na cuberta, con dous baldes de auga. O primeiro de máquinas non lle fixo pisca de gracia o dos dous baldes. ¡Que se foda! ¡Se non chega a auga, que non saia o barco pra tantos días!

\* \* \*

Dentro de catro días fará un mes de mar. Chegóu ese momento no que parece non haber máis cousa ca mar, lances de toneladas de pesca e gardar; no que parece que unha cama, unha ducha ou un polvo son cousas tan lonxanas que endexamáis existiron.

Son e síntome galego, coma un máis dos moitos que estamos en calquera sitio pra gañar uns poucos cartos. Obrigado a buscar traballo nun mar que non é o meu e cunha xente coa que non teño nada en común. Teño morriña, non quero estar aquí, pro preciso os cartos e teño que me foder. Creo que o meu é a pesca, mais non aquí, senon ahí, nos meus mares; non deste xeito senón doutro máis xusto e racional, arredor da miña xente e da miña costa.

# pobos ibéricos

## Canarias

### Sucesos e política

Imaxes coma esta deron a volta ó mundo. Detrás delas había unha catástrofe aérea con máis de quinhentos sesenta mortos. Unha vez máis, a traxedia, agora no aeroporto de Los Rodeos, servíu pra que o nome das illas Canarias andivese marteleando nos teletipos das axencias internacionais. Había pouco tempo que se rexistrara a explosión no porto de Las Palmas, sinistro tapado polo choque dos avións, e no que non se descartou aínda a posibilidade dun sabotaxe. A palabra chegou a empregarse pra traxedia aérea, dunha maneira indirecta. Os avións foran desviados a Tenerife a causa dunha explosión no aeroporto de Las Palmas. Andaban polo medio os homes do M.P.A.I.A.C. (Movemento pra Autonomía e a Independencia do Archipiélago Canario), encerrados e aireados polo abogado Antonio Cubillo dende a súa «La Voz de Canarias Libre», instalada nos estudos da Radio Nacional Arxelina. Pró á marxe das responsabilidades e das verdadeiras xustificacións dos sucesos, polas que haberá que agardar, ó marxe da crónica de sucesos

como tal, hai que reseña-lo feito do despertar das illas. Foron varias e importantes as manifestacións e mobilizacións nas últimas semanas, en consonancia cos problemas do archipiélago esquencido hastra hai pouco pola «xeografía turística» e os tópicos máis burdos. Hai problemas derivados da situación económica, da falla de planificación, do paro, da firma dos acordos pesqueiros con Marruecos... A palabra autonomía cobrou xa entidade prós canarios e xa non se escoita sómentes dende Radio Arxel. Son os partidos da chamada oposición democrática os que tratan de toma-la iniciativa chegando a mobilizala xente en contra do terrorismo e a considera-los oficios do PSOE pra neutraliza-la emisora de Cubillo.

Son datos que falan do despertar do pobo «guanche», tan pouco coñecido que a maioría dos habitantes da península pensa que anda polo Mediterráneo. Xa se sabe que o centralismo non respeta a xeografía. Pro máis ou menos descoñecidas, as illas non son as de antes.

Aragón segue sendo unha rexión pouco ou case nada coñecida prós lectores galegos. E nembargantes non deixa de haber algúns puntos de coincidencia no referente ó grado de explotación en beneficio alleo. XOSE RAMON MARCUELLO fai nesta crónica un rápido repaso do que veu sendo e do que os aragoneses queren que sexa a súa realidade rexional.

## Aragón

### Contra explotación, autonomía

Cando hai moi poucos anos Aragón saltaba ós periódicos co gallo do dramático asunto do trasvase do Ebro a Catalunya, foron moitos os españois sorprendidos ó saber

que nesta rexión había algo máis ca baturros de chascarrillo artesano e peregrinacións marianas ó Pilar. A verdade é que corenta longos anos de pau e silencio daban pra pouco

máis. Rexión represaliada coma poucas trala Guerra Civil —non debe esquencerse que Aragón foi un dos máis importantes focos do anarquismo, e escenario das máis interesantes experiencias colectivas libertarias, ademáis de fronte decisivo no curso da contienda— Aragón presenta hoxendía un sombrío panorama en moitos aspectos irreversible. Rexión-foso entre o País Vasco e Catalunya —Francia en realidade de pouco lle servíu— a etapa de desenrolo dos anos sesenta, lonxe de posibilita-lo rexurdimento dunha terra arrasada, foi un duro golpe en tódolos sentidos. Dun lado, provocou durante eses anos unha fortísima corrente migratoria culpábel en boa medida de que

litou a explotación en réxime de terceiro mundo de todo o seu enorme potencial enerxético por intereses extrarrexionais.

Tanto a importante zona mineira de Teruel —Utrillas, Escucha, Andorra, etc.— coma o potencial hidroeléctrico do Pirinéu Aragonés son explotados por capitais non aragoneses que, en compensación, deixan pra rexión tódolos inconvenientes da súa explotación: inutilización da agricultura polos residuos polucionantes no primeiro caso e inundación das terras máis ferteis do norte.

Sobre este escuro panorama, indo moito máis lonxe, preténdese a operación final: o trasvase do



TRAXEDIAS E LOITAS

hoxe Aragón teña unha das densidades demográficas máis baixas do Estado e case a máis alta polo que fai referencia ó envellecemento da poboación. Doutro, unha absurda concepción do desenrolo provocou durante a pasada década un éxodo masivo do campo a Zaragoza capital, de maneira que agora mesmo a metade xusta da poboación total (pouco máis de 1.200.000 habitantes) vive nesta urbe, mentres a outra metade se reparte entre os escasos 47.000 kilómetros cuadrados de superficie rexional.

#### RIQUEZAS PRA FORA

Neste contexto de total desequilibrio, ó longo deste século, Aragón veu sendo sometida a un proceso de colonialismo interior que posibi-

Ebro a Catalunya cando os regadíos do secano aragonés agardan solución dende hai cen anos; instalación de tres centráis nucleares nunha rexión que, coma no caso de Galicia, é amplamente excedentaria de enerxía hidroeléctrica; destrución da paisaxe e hipoteca do desenrolo gandeiro no Pirinéu a causa das instalacións turísticas montadas con capitais vascos e cataláns; hipertrofia de Zaragoza capital pola concentración industrial sómentes neste punto e desatención das liñas ferroviarias neuráxicas tais como as de Canfranc e Tortosa, vencellos respectivamente con Francia e Levante.

#### A TOMA DE CONCIENCIA

Con todo isto por diante, ó empeza-la década dos setenta, em-





Jordi Pujol segue sendo unha figura importante no panorama político catalán. Despóis de abona-la comisión dos nove, a súa penúltima xogada é a proposta dun fronte de centro-esquerda. COSTA CLAVELL comenta este tema e outras interioridades da política catalá.

## Catalunya

# Unha esquerda no centro

Pódenselle facer críticas a mo-reas ó secretario xeral de Convergencia Democrática de Catalunya, Jordi Pujol, pro o que non se pode deixar de reconocer é que é un home intelixente e con senso político. Cicáis sexa un dos tres ou catro políticos cataláns que hoxe por hoxe non fan as cousas á lixeira.

peza tamén unha toma de conciencia da situación. Na capitalidade da rexión un proletariado de novo cuño —pénsese que está integrado na súa maioría por campesiños e illado dos grandes centros industriais— dá os primeiros sinais de vida.

Asemade, un reducido grupo de intelectuais dá vida á primeira publicación de esquerda da posguerra, «Andalán». Da man de José Antonio Labordeta xorde con forza a nova canción aragonesa que, vila por vila, leva un sinal de alerta non formulado nin transmitido hastra esas datas.

A nivel político, os clandestinos reductos do Partido Comunista e en menor medida os do P.S.O.E., adócense a se recuperar dos golpes. Son os anos da aparición —case todos eles na Universidade— do Movimiento Comunista e da Organización Revolucionaria de Trabaxadores. Rexorde tamén o «carlos-hugismo», mentres se botan as bases do único partido especificamente aragonés: o Partido Socialista de Aragón, enganchado na Federación de Partidos Socialistas, e punto neuráxico agora do movemento autonomista e da necesidade de unidade de cara ás eleccións.

Agora nunha Barcelona que estes días apareceu chea de posters coa figura do presidente Tarradellas, Jordi Pujol acaba de dar unha mostra da súa talla política ó propoñer a formación dun eixe de centro-esquerda coa Unió Democrática de Catalunya, Esquerra Republicana de Catalunya e Partit Socialist de Catalunya (Reagrupament) e informar que está disposto a chegar hastra o sacrificio personal pra acadar-la unidade entre os partidos de programa afín á C.D.C. Pujol propón que os cinco partidos nomeados concurren xuntos ás eleccións en termos de igualdade, sen teren en conta o volume de cada un deles. A formación deste eixe viría representa-la constitución dun potente «front democratic» pra Catalunya, que tería como obxectivo fundamental a loita polo recoñecemento da autonomía. Este «front» catalanista postularía que a autonomía tería que se concretar no exercicio político das institucións da Generalitat, na lexitimidade institucional da cal é depositario o Presidente Tarradellas.

### MOITOS PERSONALISMOS

Jordi Pujol pra facilita-las negociacións previas á constitución do «front democratic» está disposto a figurar no quinto posto na lista dos candidatos pró congreso dos deputados. A dificultade pra chegaren a un acordo estes cinco partidos estriba nos pactos que cada un deles ten xa con outros grupos. Así como a U.D.C. ten un compromiso co Centre Catalá, o P.S.C. (R) e máis E.R.C. forman parte do «front de es-



JORDI PUJOL  
Eixes pró carro democrático

querres» no que tamén están Estat Catalá e Front Nacional. Pro, por outra banda, non hai dificultades insalvabeis pra que tanto o Centre Catalá coma o Front Nacional e o Estat Catalá pasen tamén a formar parte do «front democratic de Catalunya». Con todo, anque teóricamente ninguén se opón á constitución da grande alianza catalanista proposta por Jordi Pujol, no terreo da realidade xurdirán con toda seguridade os nefastos balados dos personalismos pra encerella-las negociacións. Hoxe por hoxe en Catalunya todo quisque quere ser deputado ou senador. Deste sarampelo parlamentario son moi poucos os que se salvan. Políticos e politiqueros cheos de vanidade queren ser protagonistas a toda costa e fan todo o que poden pra satisfacer os seus desexos de sentarse nun escano do Congreso ou do Senado. Esixen nos pactos interpartidistas que o seu nome figure nos primeiros postos das candidaturas propostas e preocupalles moi pouco que as súas esixencias perxudiquen ós propios partidos ós que pertencen ou dificulten as alianzas que puideran propulsa-la conquista da autonomía.

Joan Colominas, home a quen por outra banda, ninguén pode nega-los seus méritos como catala-

nista enxebre podería poñerse como exemplo de político catalán namorado do dourado soño de ser deputado. Fundador do Partido Popular Catalán, integróuse con el no P.S.C. (C) do que se saíu hai pouco pra militar na C.D.C. que, ó parecer, aseguróulle unha acta de deputado, cousa que segundo se di nos mentedeiros políticos barceloneses, negóulle Esquerra Nacional, onde Colominas quixo entrar despóis de abandonar-lo P.S.C. (C).

### UN PARTIDO PROS XUBILADOS

Esta praga personalista que esmaga en boa parte os esforzos dos partidos cataláns por acadaren unha racional unión que potencie políticamente os seus ancelos democráticos e autonomistas, é tamén a cousa que xustifica o feito lamentábel de que, a poucos meses das eleccións, aínda xurdan novos grupos políticos coa pretensión de participaren no reparto de escanos. O último enxendo é o nomeado Unión Democrática del Progreso Social. Os seus parteiros —J.A. Trabal, ex-diputado no parlamento catalán nos tempos da II República, que é o líder autonomeado, e Uxío Muñiz, que é o secretario xeral tamén autonomeado— din que se trata do partido dos xubilados. Trabal di que quere «só unha autonomía pró País Vasco e máis pra Catalunya, que non entre no marco do Estatut de 1932 nin na volta de Tarradellas». Polo que se ve, ou Trabal non coñece a existencia de Galicia ou coida que os galegos non merecen tamén autogobernarse.

Os verdadeiro obxectivos da U.D.P.S., aparte das problemáticas opcións ó Congreso e ó Senado dos seus dirixentes, non son moi difíceis de adiviñar, sabendo que o novo partido proxecta aliarse moi axiña co dereitista Club Catalonía e tamén coa neofranquista Concordia Catalana, postulada por Samaranch.

## A pesca: unha industrialización pra Galicia

# (I) Algunhas puntualizacións previas

Resulta xa popular a afirmación de que o grado de industrialización dun país pode servir no senso xeral, pra medir o seu desenvolvemento e máis o seu nivel de vida.

Pensamos que tal afirmación pola súa falla de precisión pode resultar confusa e servir de argumento pra defensa de posturas mesmamente opostas ou, polo menos, radicalmente diferentes.

O bater a cotío con esta discusión móvenos a caer na tentación de aportar un modesto grao de area pra o clarear deste espiñento asunto da industrialización de Galicia, no que, máis ou menos agochadamente, se moven fortes intereses, non sempre galegos nen favorables a Galicia.

Os economistas, co seu aquel de explicar e esquematizar a realidade, inventaron un bo día a clasificación do aparello económico en tres sectores, chamados primario, secundario e terciario. O sector primario abrangue as actividades agrícolas e extractivas de recursos en xeral. O sector secundario as actividades chamadas industriais. E finalmente o terciario integraba aos servizos e ás actividades improdutivas.

Máis logo co tempo, resultou que os países que máis desenrolaban o sector secundario, —as industrias—, en relación co primario, —a agricultura e extracción de recursos—, eran máis ricos e melloraban cada vez máis o seu nivel de vida.

A doada consecuencia a tirar desta situación é que o mellor que se pode facer pra un país é enchelo de chimeneas e instalacións de metal seña cal seña a súa produción, e si Galicia está atrasada é pola culpa do enorme peso do seu sector primario e da escasez de chimeneas.

### ATRASO ECONOMICO E SOCIAL

Esta é máis ou menos a ideoloxía que agochan a meirande parte dos argumentos dos partidarios da industrialización sen máis, moitos deles con plena boa fe.

## Traballo conxunto do Equipo TRASMALLO coordinado por Xulio X. Pardellas

Pra poñer esta ideoloxía no seu xusto lugar, nós faremos dúas puntualizacións:

1. O atraso económico e social dos países chamados agrícolas non é debido a ter unha economía baseada principalmente no sector primario. A maioría deses países foron colonizados no seu tempo polos hoxe países capitalistas adiantados, esa colonización levaba aparellada unha dependencia respecto do país colonizador, e esa dependencia tivo como consecuencias:

a) O saqueo das súas riquezas naturais e a explotación dos seus habitantes.

b) O bloqueio económico, financeiro e técnico, que impediu un desenvolvemento autónomo das forzas produtivas do propio país.

2. A industrialización dun país é un proceso que comenza pola creación de instalacións e técnicas transformadoras das riquezas naturais que posea e que estrae da terra (agricultura, mineiría), ou do mar (pesca, marisqueo). Este proceso acumula cada vez máis riqueza pola introdución de técnicas mecánicas que aumentan a produtividade do traballo humano.

As auténticas raiceiras da diferenza fundamental entre un país atrasado e outro de alto desenvolvemento, están no artellamento dos seus sectores produtivos.

A) No país desenrolado, o artellamento principal xira arredor dos sectores de:

PRODUCCIÓN DE BENS DE CONSUMO — PRODUCCIÓN DE BENS DE EQUIPO E MAQUINARIA

Deste xeito está asegurado o desenvolvemento da mecanización e da industrialización.

B) No país atrasado, o artellamento xira arredor dos sectores de:

PRODUCCIÓN DE MATERIAS PRIMAS — ESPORTACION AOS PAÍSES DESENROLADOS



COMPRE DARLLE VOLTA A BARCA

Deste xeito está asegurada a súa dependencia respecto daqueles, e máis o bloqueio do seu propio desenvolvemento autónomo.

### A ESTRATEXIA DA INDUSTRIALIZACIÓN

O artellamento dos sectores produtivos na economía galega inscribese tan claramente no segundo caso que non paga a pena pararse a demostralo. Abonda ollar á dirección das estradas do plan de «accesos» a Galicia, pra decatármolos de onde van parar os nosos produtos agrícolas, a nosa madeira, os nosos recursos minerais e os nosos mariscos e peixes frescos.

As consecuencias dese artellamento pra o noso país son outras:

— A existencia dun enorme número de intermediarios que levan a meirande parte dos beneficios.

— A transformación e elaboración de moitas das nosas riquezas fora de Galicia, co que as instalacións, máquinas e técnicas ven aló, e nós seguimos a rañar a terra co arado román.

Plantexada a situación neses termos, a estratexia da industrialización en Galicia non pode ser outra que o paso dun artellamento de sectores dependente, a outro que permita o desenvolvemento autónomo das nosas riquezas naturais, integrando técnicas mecánicas no primeiro paso da extracción, e máis instalacións industriais pra súa elaboración e transformación en produtos finais de consumo.

A dobre actividade pesqueiro-marisqueira ten un importante papel que xogar nesa estratexia de industrialización pra Galicia, e unha alternativa ao seu desenvolvemento verémola con máis vagar en traballos sucesivos.



**Uruguái:**

**Señor Presidente...**

Señor Presidente —preguntóulle o xornalista ó xefe do Estado uruguaio, Aparicio Méndez—, ¿cántos presos políticos, hoxendía?

—Non sei se 2.000 ou 4.000 —di o vello profesor, que duda. E preguntalle logo ó seu omnipresente axudante, coronel Artigas Lereña.

Artigas sorpréndese: «Señor Presidente... ¿presos políticos?», di apampanado.

—Ah, claro —decátase Méndez—... No Uruguái non temos presos políticos. Eiquí ninguén é perseguido polas súas ideas. Te-



O «POTRO», TORTURAS DE URUGUAI. (Documento de «Amnesty Internacional»)

mos, sí, unhas 2.000 persoas condenadas por actividades subversivas, mais Uruguái é un país onde sempre se tivo respecto polas opinións dos cidadáns... e dos súbditos dos países irmáns.

Pesía aquelas declaracións do Presidente, semanas máis tarde Wilson Ferreira —antigo ex-candidato á presidencia de Uruguái— tiña que fuxir da Arxentina logo do asasinato, no exilio, de Héctor Gutiérrez e máis de Zelmar Michelini, ex-parlamentarios. A ditadura de Méndez fa tras deles:

—O réxime uruguaio non ten ideoloxía nin política, non ten unha orientación firme. A súa única unidade radica, cecáis, na represión pura e sinxelamente. E unha situación que, sen dúbida, non ten posibilidades de durar moito máis tempo —diría, en Londres, Wilson Ferreira.

Despóis das declaracións da Administración USA, respecto da retirada de axuda ás nacións que non teñen en conta o respecto ós dereitos humanos, algúns aspectos parecen indicar que a tiranía no Uru-

guái estáse a facer, paseniñamente, máis feble co paso do tempo:

—De tódolos xeitos, non se alviscan aínda cámbelos moi efectivos no Cono Sur latinoamericano. Non creo que a tortura cese —engadíu Wilson Ferreira— namentres non cese a tiranía. O réxime uruguaio, mentres sobreviva, seguirá coa tortura xa que non pode facer outra cousa. E faino porque non pode coa poboación, porque Uruguái resiste espiritualmente e non hai máis solución, prós tiranos, que ir facendo medra - las doses de violencia...

Uruguái, Chile, Arxentina... ¿por canto tempo?

**Québec:**

**Guerra de nervos**

Logo dos grandes discursos —Trudeau, en Washington, e Lévesque (primeiro ministro do Québec) en New - York, a política canadense atópase nunha verdadeira guerra de nervos. Mesmo, ó longo de dúas conferencias internacionais —a de Mar do Prata (onde se celebraba a conferencia das Nacións

Unidas sobor da auga) e en Bruselas, onde se xuntaron os ministros de Educación dos países franco - falantes— as delegacións do Québec teimaron sempre en se distinguir da delegación xeral do Canadá. Algunha daquelas chegou a poñer fortemente de manifesto que as súas teses non era, con moito, as do Canadá. O Goberno de Ottawa, centralista, ameazou ós representantes do Québec con non os «invitar» máis a ningunha reunión internacional «se esta provincia insiste en se representar a si mesma e non dentro do Canadá». As tensións medran. (Ver TEIMA número 1).

**México:**


**As dúas caras de Portillo**

«México é coma unha bomba de efecto retardado. Máis, en lugar de desarmala —decía xa en decembro de 1970, nos vísperas da entrada en funcións do antigo presidente Echevarría, o director da revista «Siempre» José Pagés Llergo— e de desfacerse dunha vez por todas do detonador, cada novo presidente prefire manipularla con precaución agardando, sen máis, que non estoupe nas súas mans. «Tratábase, sinxelamente, de toda unha definición xunto da existencia dos dous Méxicos (o oficial e máilo real) do actual presidente Portillo: unha política exterior tercermundista e a acollida dos refuxiados políticos danlle, a este país latinoamericano, unha imaxe progresista que oculta a duras penas xigantescos problemas sociais e políticos. Agora, dende a toma de posesión o 1 do nadal pasado, todo semella indicar que José López Portillo leva o mesmo camiño cós seus predecesores.

Violentamente postas en evidencia cos sanguifentos acontecementos de 1968, as contradicións da sociedade mexicana non fixeron máis que medrar baixo do mandato de Echevarría. Dende a explosión popular daquel 68, as reformas en profundidade son cada día máis urxentes. E todo mentres, logo de cincuenta anos de poder total do Partido Revolucionario Institucional (PRI), as eleccións do pasado mes de Santiago

non foron senón unha formalidade máis. O caso é, as cousas deste xeito, que o principal atranco dos últimos comicios non foi, pró PRI, a inexistencia dun verdadeiro adversario. Foi, sinxelamente, o abstencionismo. Mesmo, o Partido de Acción Nacional (PAN), que durante trinta e cinco anos aceptou xogar ó xogo dunha certa oposición moderada, renunciou o pasado 76 a se enrolar na carreira da Presidencia. O PAN viña dando, xa, señáis de cansancio no seu papel de eterno perdedor.

Da outra banda —entre unha deuda exterior de máis de 30.000 millóns de dólares, un crecemento demográfico galopante e un índice do paro que chega ós varios millóns de homes sen emprego— os outros partidos legalmente recoñecidos do país (o Partido Popular Socialista e o Partido Au-



SINXELAMENTE: Portillo, unha formalidade.

téntico da Revolución Mexicana) estánse a comportar, sen máis, coma verdadeiras forzas de apoio ó PRI. O partido Comunista e o Partido Mexicano dos Traballadores esperan, aínda, a súa legalización... Nestas condicións, pois, ninguén se asombrará de que, pra moitísimos mexicanos, votar ou non votar sexa o mesmo soño. Logo de cincuenta anos de detención do poder, as eleccións non deparan xa sorpresa ningunha: ben aceptada, a maquinaria non deixa lugar prá oposición auténtica e o PRI, nunha verdadeira festa de adaptación, recupera inxeniosamente boa parte dos movementos contestatarios do outono do 68. Sen embargo, as tensións medran. Villa cabalga de novo ¿pra cándo? Os detonantes, a punto...

## Aureliano García

Aureliano García González - Llanos, ligado politicamente á L.C.R. (Liga Comunista Revolucionaria) é economista pola Universidade de Santiago e membro do C.I.D.E.S.G.A. (Centro de Información e Documentación Económico - Social de Galicia. Reside habitualmente en Vigo.

A xente vaise e os problemas non deixan de agravarse cada día máis prós labregos. A imaxe tradicional do campo galego vaise desfecendo entre mil presións e contradicións de todo tipo, a transformación das estruturas agrarias, que non foron capaces de face-los proxectos da Administración, estáse agora producindo baixo o impacto dun novo protagonista: o capital. E unha vez máis, o gran ausente neste proceso vai se - lo labrego.

### A PENETRACION DO CAPITAL

Galicia é hoxe un país esencialmente agrícola, máis do 50% dos galegos traballan e viven da agricultura. Isto sitúa, pola súa importancia e polas súas repercusións sociais, ó campo no centro de calquera alternativa pró desenrolo do noso país. E se hoxe podemos decir que existe un coñecemento xeral da situación e os problemas do sector industrial en Galicia, pensamos que non sucede o mesmo coa situación do campo.

A totalidade dos traballos que se coñecen encol do sector agrario rematan coa conclusión de que a pervivencia de moitos dos factores que contribuíron á formación da estrutura agraria tradicional, e fundamentalmente o «minifundio», configuran un modo de produción pre-capitalista aínda dominante no campo galego. Característica común destas interpretacións, é a consideración do desenvolvemento capitalista coma «disolvente» das ligazóns típicas da sociedade agraria tradicional. Pro é preciso ir máis alá, analizar se ademais deste proceso indiscutíbel, estáse introducindo un novo modo de produción e non dun xeito marxinal, senón xeral e dominante coa forza necesaria pra despraza - las relacións pre-capitalistas ó nivel de zonas e explotacións «extramarxináis». Polo de agora, a incidencia deste proce-

O traballo que sigue non é unha esposición programática dos principios dun partido, senón o análise que un economista ligado a un determinado grupo fai dun sector da economía galega. L.C.R. (Liga Comunista Revolucionaria), grupo de tendencia trostkista, preferiu participar deste xeito na tribuna política que TEIMA ofrece a tódolos partidos políticos de Galicia, sen distincións.

## A penetración do capital no campo galego

AURELIANO GARCIA (L.C.R.)

so non se reflexa só na existencia de grandes empresas agrícolas e gandeiras, senón tamén nun profundo cámbio na mentalidade dos titulares das pequenas explotacións: dunha orientación autosuficiente baseada no tradicional réxime de policultivo, estáse pasando a unha orientación de cara ó mercado, basada nunha especialización de cultivos e produtos restrinxida, como é lóxico, polas raquílicas posibilidades que as pequenas explotacións ofrecen.

### ¿COMO SE PRODUCE Ó ASALTO DO CAPITAL O CAMPO?

Se pró conxunto do Estado español, a incapacidade da burguesía

pra solución - lo problema da propiedade da terra por medio dunha reforma agraria, supuxo un atranco forte anque non insalvável, de cara a unha transformación capitalista da Agricultura; en Galicia, a extrema división da propiedade agraria, característica dunha estrutura «minifundista», agravaba aínda máis a situación. O capital non invierte máis que cando espera tirarlles ós cartos un beneficio. E pra iso, no campo e imprescindible unha modernización das explotacións que as poña en condicións de producir rentábelmente pró mercado. Isto supón: mecanización, especialización de cultivos, etc. pró cal é precisa unha dimensión mínima, tamén chamada «umbral de rentabilidade», nas explotacións. En caso contrario,

aínda que se fagan estas reformas, os costes de produción serán máis grandes cóos ingresos, e a explotación dará perdas. Neste senso, a dimensión media da unidade de explotación galega era no censo de 1972 de 6,4 Has. de superficie, o índice de parcelación acadaba a cifra de 18,9 parcelas por unidade. Nesta situación, calquera inversión, sen antes solución - lo problema da terra, é pouco atractiva pró capital, xa que nese caso veríase obrigado ou ben a mercar novas terras, o cal encarece moito a inversión, ou ben a transforma - lo sistema da propiedade, o cal vai en contra dos seus intereses como propietario.

¿Cal é entón o camiño que escolle o capital? Neste contexto a úni-



YANEZ



ca saída que lle queda e introducirse naquelas ramas de actividade nas que a superficie dispoñíbel non impida chegar a unha produción en gran escala. E así temos que, hoxe en Galicia as ramas nas cais a penetración do capital é máis forte, chegando a un grado de concentración da produción case total nas mans dunhas poucas empresas: HIMAHE, UTECO - COREN, SAPROGAL, etc. teñen precisamente esta característica: ovos, polos, porcos sobre todo. Na comercialización destes produtos, a pequena explotación foi completamente desprazada do mercado por estes verdadeiros monopolios.

## OS MONTES COMUNAIS: O PROXIMO OBXECTIVO DO CAPITAL

Moitas veces temos escoitado que o futuro do campo galego está na gandería de vacuno, e entre os

que din isto, tamén están os voceiros do capital. Máis na gandería, a diferenza coas outras ramas de produción antes citadas, a dimensión das explotacións, é dicir, o número de vacas ou xatos, está determinado pola superficie de terra dispoñíbel pra producir forraxes, indispensábeis na alimentación do gando. Noutras verbas, o capital atópase outra vez co problema da propiedade da terra, e se quere chegar ás dimensións óptimas nunha explotación moderna, estabelecidas según o Plan Mansholt pró MEC en 130 - 300 vacas de leite, 80 xatos de engorde ou 140 novelas de recría, precisa dunha grande superficie de terra. A pregunta é entón: ¿ónde pode atopar esta superficie a un precio barato e que sexa apta prá produción forraxeira?. A resposta, suxerida xa hai algún tempo polo Banco Mundial, é nos montes comunais.

Os montes perderon xa hai algún tempo moita da súa antiga función

económica: a leña foi substituída polo butano e o toxo xa non é preciso coa introdución dos abonos químicos e as cortes de cemento. Amáis disto, a conciencia de propietario do monte comunal está moito máis diluída no campesiño, que a que ten sobor da terra, xa que neste caso esta representa o seu único medio de vida. Así pois, as posibilidades non poden ser millores. Aínda existía un problema, ¿a quén lle tiña que merca - lo monte o capitalista?. A Lei de Calificación de Montes do ano 1970 tamén ven a resolver esta cuestión, pois xa existen uns propietarios do monte. A millor proba disto témola en que as grandes explotacións gandeiras que hoxe existen en Galicia, PROPECSA, SAPROGAL, etc, están situadas precisamente sobre montes comunais, que ou ben foron simplemente arrebatados ós seus verdadeiros donos, ou ben foron mercados nunhas condicións de verdadeira «ganga».

caso agraria, a espalla - la súa produción abarcando novas ramas e sectores produtivos, e nesta competencia o capital ten máis e millores armas. A súa vinculación cos monopolios de comercialización dos produtos agrícolas e dos bens de produción, lle permite, pola vía dos precios, ir eliminado pouco a pouco competidores que ou ben teñen que emigrar en busca doutro medio de vida que non sexa o campo, ou ben poñerse a traballar como asalariados destas grandes empresas.

## A XEITO DE ALTERNATIVA

Unha vez máis, o horizonte do titular da pequena explotación en Galicia, é dicir, da maioría dos labregos, é a emigración ou a proletarización no mesmo campo. E se até agora a emigración xogou o papel de «providencial» válvula de escape das tensións sociais resultantes deste proceso, a partir de agora, as dificultades crecentes pra emigrar, produto da recesión da economía dos Países Occidentais, abrigan a concentrar tódolos esforzos na procura dunha alternativa urgente pró campo galego.

Esta alternativa pasa hoxe pola satisfacción das reivindicacións máis inmediatas e sentidas polos campesiños: supresión da cuota empresarial da S.S.A.; precios mínimos garantizados; control das canles de comercialización; cretos a baixo tipo de interés e longo prazo; control dos campesiños das importacións de produtos agrarios entre outros, máis non remata coa solución destes problemas. Estamos vendo cómo o capital está facendo un «xeito de reforma agraria» acorde cos seus intereses e as súas necesidades. O movemento campesiño, e as súas organizacións non poden deixar que este proceso continúe. Non se trata de reivindicar a imaxe tradicional do campo, senón de defender un xeito de desenvolvemento agrario vencellado ó conxunto do desenvolvemento de Galicia, integrado nunha dinámica de crecemento máis xusta e racional. E a única forma de chegar a isto, é a través dunha profunda transformación das relacións sociais que substitúa o beneficio privado como obxectivo da produción, pola satisfacción das necesidades colectivas, e que se reflexe nunha planificación do desenvolvemento elaborada e controlada democráticamente polas clases sociais hasta agora marxinaadas: os traballadores, os campesiños e os mariñeiros galegos.



OS BOIS DO CAMPO  
TIRAN DOUTROS SECTORES



FARTOS DE PEDIR



PARADOS

## O DESENERO DESIGUAL E COMBINADO TAMEN SE DA NO CAMPO

Este proceso de penetración do capital non significa a desaparición de golpe das pequenas explotacións. Polo contrario, a lei do desenvolvemento desigual e combinado explícanos cómo é posíbel a coexistencia nun mesmo sistema das formas máis avanzadas do desenvolvemento capitalista: os monopolios, a concentración do capital, etc, xunto ós residuos de sistemas e formas precapitalistas. Esta é a situación no campo galego. Máis esta coexistencia non é nin moito menos pacífica. A tendencia á concentración do capital obriga á burguesía, neste

# Unha homenaxe a Castelao

«Hai que decir tamén —afirmaba TEIMA no 27 cabodano da morte de Castelao— que a súa gama de mensaxes non chegaron aínda ós seus destinatarios naturais: as xentes deste país. Non abondou o considerábel esforzo feito dende o ano 1975, con cen mil exemplares dunha breve escolma de conferencias e mesas redondas, artigos, preparación, en marcha, das obras completas, etc. Segue a haber atrancos e dificultades pra recupera-lo legado do gran rianxeiro, dun desterrado por «delitos políticos» que tivo que morrer no seu desterro, pro tamén é certo —ten de selo— que dende agora pode camiñarse máis axiña ó encontro da obra de Castelao, ó espallamento dos seus ideais, frescos e vivos en boa parte hoxendía».

Algunhas semás despóis recibíase nesta redacción unha carta datada en Barcelona. Decía, literalmente, así: «co gallo de cumprirse neste mes de xaneiro o 91 cabodano do nacemento de Castelao e o 27 do seu pasamento lonxe do verdadeiro pobo de Galicia, que él defendeu, e a quen legou a súa obra pra axudar a erguelo da súa posturación, e, dado que a gran falla de libertades políticas que durante corenta anos veu sufrindo a nosa nación ocasionou que a personalidade de Castelao fora unhas veces agachada e outras prohibida, demandaría que, en recoñecemento á súa memoria, a revista TEIMA abra-se unha suscripción popular promoiemento a Castelao, pra erguelo na cidade de Compostela. De momento, poden contar coa miña colaboración: 1.000 pesetas». Xosé

Lois García era o firmante da carta.

A redacción desta revista pensou, nun primeiro intre,

en facer dela simple intermediario entre o autor da proposta e as xentes deste país, destinatarios naturais da obra



Foto inédita de Daniel Alfonso R. Castelao, que atópase na súa casa de Rianxo

## COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

- 1 *Xosé M<sup>e</sup> Bairas Torrado*
- 2 *Celso Emilio Ferreiro*
- 3 *Camilo Nogueira*
- 4
- 5

## XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

Erguerlle un moimento

Outros (especificar)

NOME:

DIRECCION:

de Castelao e principais interesados, porén, en homenaxeala súa memoria. Non embargantes, unha consideración máis meditada da idea, levounos á conclusión de que cecáis puideran existir outros modos de homenaxe máis axeitados cá construción dun moimento. Na duda, pensamos en somete-la iniciativa ó xuício do lector soberano. E iso facemos agora.

TEIMA, pois, quere —recolendo a proposta de Xosé Lois García— servir de canle a unha homenaxe a Castelao. E desexaría que foran os propios lectores, quen, ó través das súas suxerencias, establecesen a maneira en que debe ser rendida esa homenaxe. As cartas relacionadas co tema poden ser remitidas tanto á nosa redacción (rúa do Hórreo, 94-entrechán D) como ó apartado de correos 448, de Santiago.

Unha comisión de cinco persoas —igualmente elixidas polos lectores— ocuparáse de tódalas tarefas de organización unha vez que a votación popular concrete o xeito de homenaxe. Os boletíns de voto insertaránse semanalmente en TEIMA durante dous meses, tempo límite prá elección da comisión organizadora e do xeito de homenaxe.

En breve darase a coñecelo número de conta bancaria onde poden depositalos seus cartos as persoas e entidades interesadas en homenaxeala memoria de Castelao no 27 cabodano do seu pasamento. Coidamos que pode ser un interesante exercicio cara á recuperación da nosa memoria colectiva.

\* \* \*

Utilice o boletín de voto que se acompaña.





# vieiros



VILASO

O castro da Guardia, asentado no curuto do monte nomeado Santa Tegra, é un dos monumentos máis importantes da historia do país galego. Nembargantes o seu estado actual e a súa conservación non están de acordo co calificativo dado anteriormente.

Polo seu tamaño é un dos máis grandes que chegaron ós nosos días nos países celtas do occidente européu.

A verba castro ben do latín «castra» que é coma os romanos nomeaban ós seus campamentos enfortecidos e organizados. Os castros eran lugares enfortecidos enriba de certos montes, escolleitos pola súa posición ventaxosa pra defensa organizada, e tamén unha base forte prás ofensivas.

A semellanza das finalidades dos castros coas fortificacións romanas é polo que entendémo-lo nome latinizado deles.

O que máis sobresaie no castro son as construcións, das cais un noventa por cento son as pallozas, na súa maioría de planta circular, anque tamén as hai rectangulares. Outra das características destas edificacións é que todas elas teñen máis ou menos as mesmas dimen-

sións e tamén os mesmos elementos.

Doadamente pode ollarse que as pallozas están unhas rente ás outras habendo entre elas moitas veces calellóns nos que somentes colle unha persoa. A razón desta proximidade ben puidera ser pra se protexeren do tempo, en especial dos temporais no inverno. Esta xuntanza fainos pensar que a convivencia dos seus habitantes foi moi intensa.

Entre os grupos de pallozas feitos pola configuración da topografía do monte están as rúas, perfectamente empedradas, e nos seus lindeiros gavias pra auga da chuvia. O xeito destas rúas fai lixeira a comunicación dun lugar a outro do castro.

Nun percorrido polo castro non puidemos ollar pallozas que sobresaían unhas das outras nen polo seu tamaño nen en calidade. Logo, pódese pensar nun mesmo disfrute dos bens pra tódolos habitantes, é decir, todos dispoñían da súa vivenda en condicións de igualdade cós demais.

Resumindo, podemos decir que o castro saíu dunha necesidade común do pobo pró ben de tódolos seus membros.

Dimpóis de ollar algunhas das cualidades humanas que o castro nos fai lembrar, non temos máis remedio ca nos refirir ó estado no que se atopa hoxe. Este é vergonzante e imperdoábel pra Galicia.

O monumento está totalmente abandonado e esquecido por todas as zonas, anque se asaña dunha maneira bremente nun oitenta por cento do mesmo. No máis alto do

O castro do monte Santa Tegra, na Guardia, ven sendo tradicional lugar de excursión pra escolares e xentes interesadas na arqueoloxía galega. Pro excursionistas e estudiosos aparte, os organismos oficiáis non parecen demasiado preocupados polo futuro dun dos nosos máis importantes monumentos. Xoan Bastián Beloso fálanos do asunto.

## O castro esquecido de Tegra

XOAN BASTIAN BELOSO

castro hai edificacións feitas non hai moitos anos a máis un poste retransmisor de televisión, que son unha aldraxe pra armonía do castro, como tal monumento. A estrada que vai a estas edificacións manca dunha maneira brutal, non respetando pra nada a súa fisonomía, desfacendo pallozas e rúas xa perdidas pra sempre. Agora estése a facer outra carretera, e vólvese a destruír unha vez máis pallozas e rúas con tódolos obxectos que conteñen.

Tamén temos que nomear un vía crucis, que nacendo na aba do monte vai finir enriba do mesmo, xa dentro do conxunto xeral do castro.

A tódalas mutilacións e anacronismos do Tegra aínda hai que engadir outro máis, os eucalitos, que sacrílega e indiscriminadamente destrúen cos seus raiceiros ducias de edificacións na maior parte do monumento. Estes eucalitos non só

mancan físicamente o castro, senón que tamén o mancan na súa paisaxe.

O restabelecemento do castro sería un paso adiante en proveito da historia e da cultura do noso país.

Facemos un chamamento a tódalas asociacións culturais de Galicia e tamén á Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, posto que as primeiras, (coma o seu nome indica) teñen a oportunidade pra salvar unha das fontes da nosa cultura anterga, e a Facultade un longo campo de traballo e investigación na historia do noso país.

O castro do Tegra é moito máis importante ca pra poñer en publicacións ou libros a fotografía das dúas únicas pallozas, reconstruídas a costa doutras.


Salvémo-lo castro, testigo hai milleiros de anos da fouce do Miño non Océano.



VILASO



VILASO



## Centráis nucleares

### A democracia non as quere

A oposición mundial contra das centráis nucleares medra. Agora, pra se xuntar ós demais países, en Bélxica ven de se celebrar xa a primeira manifestación antinuclear. Nos mesmos momentos, o semanario británico *The Economist* —namentres a construción de reactores atómicos paralizouse xa en Alemaña, os americanos diminuíron os proxectos á metade e os demais países do Oeste limitáanse ás tres coartas partes da capacidade nuclear prevista pra 1985— poñía o punto enriba das lés. «Durante todo este tempo, os países que non teñen en conta a contestación e que non practican a democracia son partidarios de entrar, sen dúbidas de ningún tipo, na Era Nuclear. As instalacións nucleares son retrasadas en Alemaña, Escandinavia, América... Mais en Rusia, Irán, Corea do Sur... florecen aquelas...» E, claro, habería que engadir, en España. En Galicia, namentres a oposición non pode ser, xa máis evidente. Todo elo a conto, agora, coas veleidades dun suposto proceso constituínte que debiera rematar nunha democracia social, política e económica. En Alemaña, a propaganda gráfica contra das centráis atómicas, cunha envidiábel teima, sigue nas mesmas. O cartel que publicamos é unha bonita mostra.



«A miña lámpara de raios ultravioleta uníuse ás centráis atómicas»

## Pra subnormáis

### Lugo: Guía-Plano 77

Seguimos a falar da famosa «guía-plano» de Lugo que, pesia todo, circula aínda polos quioscos. Os seus cativos «defectos» non teñen desperdicio, como poden comprobar ó longo das súas trinta páxinas e cento trinta e cinco anuncios. Xulio Xiz desiste de reproducirlos textos en galego que, xunto do francés e inglés, acompañan ó castelán. O suposto galego non é senón unha macarrónica tradución irresponsábel do idioma de Cervantes, polo que, millor, reseñamos un novo parrafiño nesta lingua.

*«En medio de la campaña clásica gallega se encuentra la capital de la provincia, rodeada por más de dos kilómetros de una muy bien cuidada muralla reforzada por cincuenta amplios baluartes que, en tiempos pasados, eran majestuosas y graciosas torres. Esta muralla es de la época romana y levantada al estilo de otras que se hicieron para la defensa militar de España. Fue construida en piedra y pizarra y, posteriormente, modificada durante la Edad Media. Este campo de batalla tiene un sitio*


*poco común de recreo para el público, donde pueden pasear». Xa ven, pois. Pro deixémo-lo de «campaña clásica», deixémo-lo de «bien cuidada muralla», deixémo-los que seguen sendo «majestuosas torres» (non graciosas, di Xiz, que non fan rir)... pro —engade Xulio Xiz— non deixémo-lo de que foi modificada durante a Edade Media. Teñamos en conta que, tras dos romanos, viñeron os «bárbaros», os normandos, os árabes, houbo loitas feudáis, chegaron os franceses... Aínda en mil oitocentos e pico andaban a reforma-la muralla: a muralla sufríu transformacións ó longo de tódolos séculos da súa existencia... De tódolos xeitos, pódese-lle chamar calquera outra cousa menos «campo de batalla».*

Se acaso, en conxunto, «baluarte», pro as batallas decidíanse fóra: cando se batallaba enriba, amiguiños, xa non había batalla. Un aplauso «guía-plano» da provincia de Lugo. Se a merca, vaia, bonita maneira de perder vinte pesos. E un consello.

## CAITANO Por XAQUIN MARIN



TEK AS  
SUAS VEN  
TAXAS,  
IVEKSELLE  
AS PERMAS  
AS CASTE-  
LAMS!







## Un pintor resistente



Pared da fachada do Colexio Maior «San Agustín», en Santiago de Compostela, disque dos centros máis señoringos da cidade, onde as familias de moita sona mandan os seus fillos. «San Agustín» pasa por ser Colexio serio, ríxido, amiguiño de atar con cordas cativas as horas libres dos rapaces que allí viven. Tamén din que coñecidos mozos da dereita-dereita (zona de Pontevedra, por máis señas) aparcan por tal centro os seus libros.

Ben o sabe Deus que nin as mellores familias están libres dunha desgracia! Moita prédica, moita fala, moito ambiente castrense... que non puideron

amola-la resistencia dun rapaz que, polo cacholán que é, debéunas pasar ben negras. Primeiro pintou «En este colegio os enganán». Non tardaron moitos días en cubrir de pintura a advertencia. Menos agardou o rapaz pra pasar ó ataque: «Os siguen enganando. Un ex-alumno». Unha nova capa de pintura faría a segunda defensa do aldraxado honor do Colexio. O terceiro ataque foi rotundo: «Insisto: os siguen enganando. Un ex-alumno». Agora a parede está branquiña e como o pintor non dá chegado por cuarta vez, nos bares da zona matínase en colle-lo relevo e continua-la festa.

## Xeroglífico

Pregunta:

Cando o vexas, dillo

Solución ó Xeroglífico anterior:  
Xove contra a Central

## O mintireiro

Nestes días, se queren, poden pasar pola Senra (Ortigueira) ou pola Fonsagrada ou a Lagoa, na provincia de Lugo, que entre os días 25 e 26 celebran feiras anuais. Halles prestar, xa verán, se —avisamos— non se atopan cun home-lobo calquera porque a lúa medra no Leo e, sobre todo, ás catorce horas e corenta e dous minutos. Remata abril e, pró cabo do mes, a chuvia amósase a cotío aínda que mainamente polo que «a campía reloce de gozo —di o «Mintireiro Verdadeiro»— facendo que as plantas estriquen os seus fiaños».

## Casares, lonxe...


María, filla de Casares Quiroga —primeiro ministro durante a República—, di que se atopa sensíbelmente enmorrriñada. Con cincuenta e catro anos agora, marchou de España ós trece. Denantes, Montrobe e máila Coruña enchíana de vida. Logo, xa en Francia, afogou a España —veu a decir María Casares— dentro de si e «a medida que o tempo ía pasando tiña máis dificultades pra atopar as miñas raíces. Agora, eiquí —referíase a España, estaba en Madride—, non sei xa se as atopo».

En Limoges (Francia) tentou a reconstrucción dun anaco de Galicia: María di que aquilo seméllase moito a un pazo galego, que llo fai semellar... «Vou alí cando teño tempo». O caso é que María se atopa certamente distraída de Galicia, o seu país de nacemento. Non é doado. Seguramente, vaia saber, non lle servirá de moito aquela cousa de Limoges que ela di que non sei qué dun pazo galego ou así... María, pra atopar Galicia, tería que vir por eiquí e camiñar, falar, ver... e, claro, non precisamente dende as fiestras dun pazo. Máis abaixo, certamente, camiña Galicia. María está lonxe.



## Encrucillado

A B C D E F G H I L M



### HORIZONTAIS:

- 1.— Pequena loita.
- 2.— Familiarmente, fabas.
- 3.— Matinar.
- 4.— Vulgarmente, pra. O revés, intersección. Lingua.
- 5.— Texo. Puxo ó lume.
- 6.— Dea. Nome.
- 7.— Atrelen. Sociedade anónima, propietaria dunha liña de transporte de viaxeiros.
- 8.— O revés, freba textil de orixe animal. Axencia de noticias. O revés, intersección.
- 9.— Comprímea, deformándolle a materia que a compón.
- 10.— Familiarmente, tolos, chochos...
- 11.— Espiñazo.

### VERTICAIS:

- a.— Posesivo.
- b.— Prefixo que significa cinco
- c.— Profesionalmente, erga unha parede.
- d.— Nota. Escoltan. Siglas comerciais.
- e.— Deixa limpo con auga. Consonantes.
- f.— O revés, na Arxentina, neno. Digo.
- g.— O revés, nome de muller. Femia do caballo.
- h.— Siglas comerciais. Traballa a terra con certo inxenio. Artigo.
- i.— A meirande galega.
- l.— En certas conversas, ren.
- m.— Cheire.

Solución ó Encrucillado anterior:

### HORIZONTAIS:

- 1.— Rebos. 2.— Minaría. 3.— Foucellas.
- 4.— Roi. Ata. AAA. 5.— Vlu. Arada. Res.
- 6.— Acora. Osmar. 7.— Ela. M. Aec. 8.— Areira. 9.— Alloa.



Esta foi a segunda edición. O ano pasado, por primeira vez, incluíase a narrativa e a poesía galegas (xunto coa catalá) nas decisións do xurado que se reúne en Sitges tódolos anos pra escollelos libros millores editados nestes xéneros segundo a opinión dos críticos literarios recoñecidos coma tais. Na primeira edición foran premiados Carlos Casares e máis Celso Emilio Ferreiro. Este ano os premios da crítica española, no eido das letras galegas, foron pra Xosé Luís Méndez Ferrín (poesía) e Silvio Santiago (narrativa) polos libros «*Con pólvora e magnolias*» (Rompente) e «*O silencio redimido*» (Galaxia) respectivamente.

## Méndez Ferrín e Silvio Santiago

V.F.F.

Representaban en Sitges ós críticos galegos Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego e máis Basilio Losada. Dúas obras chegaron ás últimas votacións: «*Mesteres*» de Arcadio López Casanova, no eido da poesía, libro editado hai pouco en Valencia, nunha nova colección de poetas, «*Lindes*», en edición bilingüe, e pola narrativa a novela do Ferrín «*Antón e os inocentes*», editada en «Xistral».

Non imos entrar en se había ou non había outros libros máis axeitados pró premio. Unha cousa é certa: non son moitos os títulos que saen anualmente das nosas editoriais. Non hai moito onde escoller. O que sí queremos, nembargantes, é clarexar certos malentendidos ou «falares» que andan entre a opinión pública (a opinión pública que se interesa por estas cousas, naturalmente, que non é moita). Declábase nas nosas tertulias que cómo era posíbel un premio da crítica pra un libro, coma o de Silvio Santiago, que aínda non chegou ás librerías e que, no intre de ser comentado en Sitges, nin siquiera tiña chegado a tódolos críticos que dun xeito ou de outro, máis ou menos ben, veñen adicándose a este oficio en xornais, revistas ou emisoras de radio, dentro e fóra do país galego.

De certo era unha pregunta, xa que se considera que os «premios da crítica» veñen a recolle-la obra publicada que tivo xa un contacto co público lector, ou polo menos co público especializado. Compre clarexar estes termos que xa andiveron a dar voltas por ahí. Os dous libros levan no pé de imprenta a data de 1976. Esta é a única condición que se pon pra admiti-la obra nas discusións: que estea datada no ano anterior. O que sí é certo.

### UNHA NOVELA DA GUERRA

Nos últimos tempos comencan a saír coma dun profundo soño (ou dun fondo silencio) textos literarios sobre un tempo aínda non contado axeitadamente en Galicia. Namentres en castelán a «li-

# Os premios da crítica

teratura de guerra e postguerra» enche xa capítulos enteiros nas historias literarias, cheos de experiencias directas ou indirectas, nun bando e no outro (o bando dos que perderon tivo que agardar un pouco máis, naturalmente) e con moitas desigualdades literarias, nas letras galegas, de non se-las mostras cá-seque sempre poéticas do exilio, a cousa colle pulo agora. En relativo pouco tempo saíron do prelo tres libros sobor do tema: «*Non agardéi por ningún*» de Ramón Valenzuela (Arealonguiña), «*Aqueles anos do Moncho*» de Xosé Neira Vilas (Arealonga, Akal) onde indirectamente tamén se recollen experiencias daqueles anos, e agora «*O silencio redimido*» de Silvio Santiago. Unha constante neles é a idea de crónica, testemuña ou memoria.

«*O silencio...*» é xa obra póstuma do autor de «*Vilardevós*» (1961), crónica da nenez contada a partires da experiencia directa, anque novelada, do escritor, que nacera nesta vila de Ourense, perto da raia fronteiriza con Portugal. Tamén a raia está presente, viva, latexante en «*O silencio...*». Pro o que en «*Vilardevós*» era a fronteira coma experiencia, coma fiestra aberta ó mundo (unha fiestra familiar, caseña), e aquí é a fronteira da fuxida logo dos acontecementos do 36 en Galicia.

Silvio Santiago conta, en grande medida, a súa propia experiencia persoal de fuxido, exiliado en Portugal, logo na América. O libro leva escrito máis de dez anos, prohibido pola censura, e o seu maior interés, sen dúbida ningunha, é o testemuñal, a crónica do medo. Non houbo frentes en Galicia. Non houbo trincheiras, nin exércitos enfrontados. E aquí houbo unha grande dose de represión (arbitraria, tráxica, imparábel coma unha bola de neve) que marcóu a familias enteiras á marxe de responsabilidades. Unha denuncia, un comentario, unha mala idea levaba á morte a un fillo, ó home da casa ou a un irmán. E pouco se podía facer pra

para-la desfeita. A centos de persoas podía ún deberlle a vida naquel ir e vir de cadeas escuras, paseos nocturnos, mortes nas gavias ou «entre as claudias» (como di un dos personaxes máis testemuñais do libro), á volta de calquera esquina, sen explicacións... Deblalle ún a vida a tantas persoas coma casualidades podían presentarse.

### A TESTIMUÑA POR RIBA DO ESTILO

O aspecto testemuñal do libro é, pois, fundamental e, na miña opinión, marxina grandemente os aspectos literarios (por outra banda, tradicionais e, nalgúns intres, como sen rematar, anque se trate dun escritor de especiais condicións coma este). Tamén a segunda parte e moi superior á primeira; é onde a testemuña acada intres máis dramáticos, na soidade da cadea, sempre dacadalo entre a vida e a morte, onde calquera casualidade pode ser absolutamente decisiva. A novela estrutúrase formalmente en dúas partes e ó traveso de pequenos capítulos-anécdota narrada en primeira persoa sempre.

Este clima de medo e morte, represión e impotencia, amargura e unha fonda dor histórico é o celme mesmo da novela, anque ún pensa tamén, a pesares de todo, que dende as mesmas perspectivas (enténdase: sen panfletarismo facilón, cousa que se lle agradece ó autor porque a vivencia é moi superior en dramatismo e traxedia a calquera engadido doctrinario) o tema da guerra civil en Galicia non fixo máis que agromar nas nosas letras, na nosa narrativa coma memoria máxica, experiencia a recreación literarias. ¿Cántas memorias andarán agachadas ou sen escribir? A pesares da de Silvio Santiago (e dos seus méritos, que existen) está aínda por contar, por recrear literariamente o gran drama histórico co-

lectivo deste pobo por aquelas datas, cando tódalas gavias levaban ollos de noite, escuras chamadas ás portas da aldea, automoveis mouros nos longos camiños do medo que aínda latexa baixo das pedras, baixo das palabras.

### A VOLTA DE FERRIN

O outro libro premiado foi o de Ferrín, «*Con pólvora e magnolias*», que significa, dalgunha maneira, a volta ou reencontro do escritor cun vello e primeiro xénero: a poesía. Falo de volta e falo, se cadra, mal. Ferrín endexamáis deixou de escribir poesía. Co seu nome ou con pseudónimo (máis ben deste segundo xeito) ían chegando a nós os poemas. Unha mostra é, por exemplo, o «*Sirventés pola destrucción de Occitania*», editado en Xenebra no 75, en «*Roi Xordo*». Son poemas sempre dacadalo entre a clandestinidade, a resistencia, o panfleto e a creación literaria, pro sen ser, de certo, ningunha de todas estas cousas e coma se cada unha tivera mala conciencia das demáis.

Dende aquel primeiro poemario do ano 1957 Ferrín, noustante, non viña abertamente polos camiños da poesía cun novo libro editado. «*Con pólvora e magnolias*» é, porén, un pouco a volta, o reencontro, dende a distancia daquela primeira «*Voce na néboa*». Naturalmente, entre ún e outro pasaron moitas cousas, houbo silencios do escritor metido nos compromisos e as loitas políticas, silencios do poeta, voces épicas outras veces espalladas por revistas de moi pouca difusión, en América, en Catalunya, Portugal, revistas de trincheira ou literarias, algunha antoloxía que saía de cando en vez...

O Ferrín-poeta (non tanto o narrador) foi, a pesares das reseñas e comentarios críticos, un gran descoñecido (e que non é unha gran descoñecida a literatura galega en xeral?) pró público lector afastado das capelas de ini-



ciados. As causas hainas que percurar de certo en razóns alleas ó feito literario. Teño, porén, a impresión de que o premio non ven tanto ó libro coma ó autor (o que non é criticábel, pro sí un dato a ter en conta), non tanto a «*Con pólvora e magnolias*» coma ó poeta, ó escritor en xeral.

#### COMPROMISOS E POESÍA

«*Con pólvora e magnolias*» está dentro da liña que poderíamos calificar de «paso adiante» logo da poética realista de Celso Emilio Ferreiro (ou dos imitadores de Celso, máis ca do Celso mesmo). Tampouco é un casual, coído, que estea publicado o libro na colección «Rompente», da que xa temos falado eiquí e que ven amosar-la necesidade de conxugar a xeito o compromiso político (mesmo a loita política) coa creación literaria, coa verba poética e máxica. Tamén as experiencias do Ferrín, polo menos neste libro, van por este camiño.

O lado de poemas coma o escrito en memoria de Moncho Reboiras e que titula «Reclamo a liberdade pró meu pobo» ou o mesmo adicado a Manuel María, de claro contido de militancia política, o poeta vai camiño da verba namorada («*estás, amor, perdida, ledamente ensarillada en tí*») ou da búsqueda interior, desacougada, difícil, cáseque existencial ás veces, que constitúe cicáis o fio mesmo do poemario e pra min está representada moi axeitadamente no personaxe dun Stephen triste que cita a Camoes: «*erréi todo o discurso dos meus anos*».

O desacougo do poeta (eixe mesmo do poema) vive dacabalo entre a imaxe creadora, o sentimento ferinte e o verbo absolutamente medido ringleira a ringleira, verso a verso. Denantes citaba a «Rompente». En Ferrín existe a mesma vocación «incorporadora» de verbas militantes (unhas veces con máis xeito ca outras) na estrutura do poema. Polo demáis tampouco imos descubrir nada agora sulíñando a personalidade literaria deste home.

**POST DATA** *denantes de rematar.* Moitos sabemos cómo foron as cousas o ano pasado, cómo se premiou ós autores e o gran descoñecemento mesmo das novidades e obras galegas a criticar por parte dos críticos reunidos en Sitges. Este ano a representación galega foi meirande, pro haberá que pensar en máis nomes pra unha real e axeitada representatividade en próximas edicións. Isto pra ben dos premios da crítica, se queren acadar seriedade. Polo demáis, agardar somentes que, amáis de críticos, haxa máis obras que criticar. Xa é cousa dos nosos escritores e das nosas editoriais.

No pasado mes de marzo, a pintora coruñesa María Elena Gago espuxo unha cuantiosa selección da súa obra na galería «Torques», de Santiago. XAVIER SEOANE cóntanos as súas impresións encol da mostra.

## Arte

### Cristal de María Elena Gago

Cecáis non errase moito se dixera que toda a pintura de M.<sup>a</sup> Elena Gago pode te-lo seu eixe vital, a súa chave, o seu dédalo nunha recóndita, íntima, nostáxica añoranza do pasado, gravitación que nos levaría, como tamén levóu ó crítico Moreno Galván, a pensar en Proust e na súa constelación do tempo perdido.

Nefeuto, toda esa recoleita, inqueda, peneirada saudade interior, esa forma tan sutil, peculiar da melancolía feminina que hai nesta pintura, non pode provir senón dunha gravitación temporal que idealiza, inmaterializa canto toca. Así pois, tódolos elementos do seu mundo plástico, tanto no plano conceptual coma no técnico, sométese a esa matización nostáxica, de lembranza, que todo o invade.

A sensibilidade doada da pintora penetra os intersticios máis recónditos deste mundo decadente, rico, proustiano, interior, no que os obxectos zumegan unha sorte de contida poesía. Nin un pasmo, nin un berro, nin unha nota violenta ou distorsionada: todo como un salaio, en contención, en serenidade, en mesura, coma nun serán que decore paseniño nunha estampa fin de século, unha novela de Fitzgerald, ou unha imaxe de Morte en Venecia...

As cousas situadas no tempo,

quedamente apreixadas nun intre que, por efímero, fica en nós como eterno... non chía nin un paxariño. O máis, a luzada que xorde solermeña tralos veteados visillos ou as transparentes vidrieiras. As portas, as xanelas abertas, e a luz dando un matiz de vida (tamén de morte) ós obxectos. E agora que dixen morte, quero facer fincapé no feito de que detrás de toda esta soedade, de toda esta quietude que non altera máis có abaneo do silencio, está a morte, señora inmutábel, presidindo os resortes máis secretos de todo canto existe.

Non se crea, pois, que no fondo esta pintura é un remanso onde nada ocorre, ou un currunchito onde a ledicia ten o seu trono. Non, nada máis lonxe: neste mundo está a pasar imperceptíbel pro inesorábelmente o tempo, deixando un rastro vougo, cecáis non de destrución abrupta pro sí de avellentamento lento, de arcaización progresiva das cousas... O tempo implacábel que fixa estes fermosos espazos cun tono moi semellante ó da música ou ó da lembranza, coma unha sinfonía calada... O tempo, que levóu ós personaxes, non deixando senón a soedade dos interiores, das cousas, presencias abandonadas a unha existencia de incomunicación e silencio...

Por outra banda, nesta pintura a ledicia non existe. Ou, se acaso,



existe unha irónica ledicia, ollada ó través dunha tristura doada pero irreprimíbel, melancónica, que todo o tingue. Nin a luz que penetra dunha raiola, anunciándonos unha mañá que intuimos fermosa, é leda. O piano está en sombra. Tódalas cousas repousan nunha meditación silenciosa que ten máis do tempo grave machadiano ca da felicidade, a ledicia que amosa o beato sillón guilleneano.

E qué amor ós interiores. Qué delicadeza feminina, cáseque oriental, na disposición deses cuartos, eses comedores, esas salas, cun mimo íntimo, cun gozo sinxelo moi propio da sensibilidade da muller polas pequenas cousas, pola vida cotiá, refrexada na miuda, estudada, emocionada distribución dos obxectos. Creo que este é un dos grandes acertos desta obra: saber facer da decoración unha arte, da mera ordenación dos interiores, uns habitats que se constitúen en presenza viva, luminosa, sensíbel.

Pra rematar, pódese dicir que hai no mundo de Elena Gago unha concepción da existencia. Concepción que se basa na soedade do home e na gravitación do tempo. Na discursividade das cousas e na súa incomunicación. Na tristura vouga, contida, lenemente desesperanzada, como alternativa válida pra aturar ese insalvábel río do tempo: unha auténtica lección de escepticismo, de calado estoicismo. Tamén, vivencia dunha espiritualidade interior, recoleita, que se pecha na intimidade e ignora o mundo exterior. Un franciscanismo das cousas, e, últimamente, unha certa máxima moral: aínda nestes interiores ricos, decandentes, cáseque luxosos, a vida non deixa de ser, finalmente, un acontecemento triste e unha calda silenciosa na nada.

KUKAS

KUKAS

Gustaríanos eiquí contribuír á enumeración das publicacións debidas ós grupos políticos e sindicais, máis ou menos ilegais aínda, que en Galicia operan. Por suposto que todos estes voceiros aparecen hoxe na nosa lingua... ou en aproximacións a ela, pois que xustamente esta insólita inflación da literatura política soterrada ten parte principal no nacemento do actual subdialecto político do Galego (*¿castrapolítico?*) que estamos a padecer a oito en comunicados, pintadas e panfletos, sen demasiado dominio e propiedade da fala do pobo a quen van dirixidos, e sí, en troques, aplicando unha a xeito de mecánica traducción do castelán, anque ninguén pode nega-la millor vontade galeguizadora, *¿non sí?*

Os títulos de publicacións perió-

# Prensa política en Galicia

X.I. TAIBO

somellan ter periodicidade fixa nin demasiada frecuencia hastra recentemente, e publícanse cunha técnica de multicopia moi somellante á das AN-PG e UPG, indistintamente en folio ou cuartilla: así, *Fouce*, a máis antiga, das Comisións Labregas (CC.LL.), *Lume*, da ERGA (Estudantes Revolucionarios Galegos), que depasa xa as 20 edicións, e

ter valido dun boletín chamado *O PSG informa*, tirou en novembro o número 0 do seu mensuario *Galicia Socialista*, suscitador por certo de pleito cando o PSOE renovado ven de anunciar —sen dúbida por ignorancia— o mesmo nome pró seu non nado voceiro galego. O número 2/3 do voceiro pexego (Nadal/xaneiro) tiña 16 folios, misturando moi boas fotografías e variedade mecanográfica con portadillas impensas a dúas tintas. O recente Partido Popular Galego, pretendidamente nacionalista tamén e de máis doada vocación legal e, se cadra, economía, botou en setembro o primeiro número do seu boletín interno de promoción e formación, *Guieiro*, co «ideario político» do PPG en versión bilingüe. Amás da única que trae hoxe algo en castelán, esta publicación, de oito páxinas, é das escasísimas galegas imprentada en offset.

Así, campeón en número de publicacións é o eurocomunista PCG, Partido Comunista de Galicia, que mantíña un *Nova Galicia* e mailo o seu voceiro fundamental, *A Voz do Pobo*, non hai moito acusados ámbolos dous de se manter en nun bilingüismo máis ben favorecedor do castelán, mais últimamente a publicación faise enteiramente en galego, ó menos pra *A Voz do Pobo*, que se comezou a publicar no 1969, cunha cadencia crecente, pois que últimamente ten chegado a tirar cada tres semáns un número, pra pasar unha quincena despois do seu número 19 (deixa eiquí sempre en folios multicopeados, 8 ou 10 por número) a un formato de xornal, cun número 20 (4 follas/xornal) feito a imprensas, con algún titular en cor. Os seus exemplares marcan sempre 10 pesetas. Sinalado como editado por este mesmo voceiro aparece tamén un comic en separata dito *O fillo de Breogán*, firmado por Pepe, do que o número 2 (xa no 1977) leva oito folios de bandas deseñadas en negro, agás a primeira, en azul, a imprensas, 15 pesetas. O findar 1976 abrollaron os órganos dos comités locais do



GALICIA, HOXE: ANPG

dicas que fomos capaces a arrecadar son, en relación cos seus editores:

A Asamblea Nacional-Popular Galega escomenzou a publicar, denantes da súa excisión de abril pasado, un *Boletín AN-PG* mensual, dende Xaneiro do 1976, con variable extensión (16 cuartillas a 20); ó ter lugar o esgazamento da Asamblea, o sistema de propaganda ficou nas mans do sector chamado *coordinadora* que seguiu a publicalos meros 4 e 5 do boletín (maio e xuño), pra parar deica Outubro, mes no que esta facción, xa como Asamblea Popular Galega, botaría o *Boletín da APG*, de seis folios no seu número 6, onde perdería por enteiro periodicidade, namentres o outro sector, inicialmente nomeado AN-PG/plenario e que conservaría sempre o nome de orixe, conseguía á súa vez publicar un voceiro propio, chamado *Ceibe*, que proseguía dende o seu quinto número ó anterior *Boletín AN-PG*. Todas estas publicacións vén imprimidas a multicopista e levan deseños.

## OS VOCEIROS DA AN-PG

As máis veteranas organizacións de masas integradas na AN-PG poseen tamén cadanséu voceiro. Non

máis *Alento*, da Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG; igual nome ten o órgano da Xuventude Comunista Galega) levan de seis a oito folios, namentres que o *Eixo* do Sindicato Obreiro Galego (SOG), con números publicados en cuartillas (hastra 20), aparece agora en folio, con periodicidade aproximadamente trimestral, e marcando o último número (7, xaneiro) 15 pesetas pra 12 folios. A súa vez as Comisións Labregas «Terra», agora en proceso unificador coas devanditas e achegadas ó que parece, ós PSG e APG, toman o nome do seu órgano *Terra*, do que o número 5, de febreiro último, levaba 10 folios. O sector de bairros da AN-PG na Coruña publica *Arrabaldo*.

En canto ós partidos nacionalistas, á UPG (Unión do Pobo Galego), o máis veterano de tódolos considerados autóctonos ou autónomos, débense varias publicacións: *Canle*, órgano interno, *Galicia Emigrante*, prós galegos exportados, e o seu voceiro oficial e periódico, *Terra e Tempo*, nado no 1965 e que agora, con periodicidade mensual, deberá chegar (xunio) ó número 50; aparece en folios ilustrados e multicopiados, normalmente oito, marcando o precio de 10 pesetas. O Partido Socialista Galego, á súa beira, despois de se

## PARTIDOS DO ESTADO

Os partidos operantes en Galicia que tamén funcionan no resto do estado tenden, polo xeral, a se ex-



¡proletarios de todos los países unídevos!

Órgao do Comité Central do Partido Comunista de Galicia

Editado por P. C. G.

Año IX

Domingo, 27. Febreiro 1977

Precio: 10 Pesetas

A VOZ DO POBO:

Denantes, bilingüe, hoxe, galego.

presar eiquí gracias ás súas publicacións centráis, por suposto que en castelán, feitas por cadansúa dirección matriz, e é así común achar en Galicia exemplares dos coñecidos *Mundo Obrero* (anque deste ahí ó menos catro edicións, que se din apócrifas as unhas ás outras), *Servir al Pueblo*, *El Socialista*, *Bandera Roja*, *En Lucha*, *El correo del Pueblo*, *Gaceta Roja*, *Unidad*,... Nembargantes, os partidos que se pensan máis implantados publican tamén voceiros das súas sucursais galegas.

PCG na Coruña (*Escoita*) e Ferrol (*En Pé*), indicadores cecáis das súas vilas de meirande espallamento. Hai ademáis un boletín pró Organización Universitaria do PC, nomeado *Folga*, fotocopiado e cunha pouco común composición mecanografiada a dúas e tres columnas. Un número de 12 folios costa 15 pesetas. En canto ás Comisións Campesinas (CC.CC.), a miúdo referidas como vincalladas en certo xeito ó PCG, poseen un órgano de expresión simplemente chamado *O Voceiro*, do que a sexta edición



## Escolma/TEIMA

(Outono 76) daba 8 folios por 10 pesetas. E as CC.OO. ferrolás manteñen un voceiro propio chamado *10 de marzo*, que dende Xaneiro ven impreso legalmente, cunha tirada de 5.000 exemplares e 10 pesetas de precio, cunha publicación local semellante, *Vigo Obreiro*.

Pola súa banda, o Comité Nacional do Movemento Comunista de Galicia (MCG) publica *Galicia en Loita*, teóricamente mensual, mais que durante o 1976 presentou unha media bimensual, anque a tirada, nun comezo reclamada de 5.000 exemplares, sería hoxe de 8.000 por edición. Arredor do número 13 pasou, de voceiro da «organización galega do MCE», a «Voceiro do comité nacional do MCG», namentres dende o número 16 disfrutará dunha nova impresión menos caseira, sempre manténdose entre dos 8 e 14 folios. A trotskista LCR adxudícase «*O Roxo*», e mesmo o malvado PCe (Reconstituído) tivo voceiros galegos, dos que fontes oficiáis ou dereitistas transcriben os nomes coma *Septembre* ou *Setembre Roxo*, e tamén, o segundo «*El Alcázar*», xornal sempre moi informado nestas cousas, *Socorro Roxo*. Aínda que cabe atribuír estas publicacións ós tempos previos á constitución do partido, cando existía a OMLG previa, Organización Marxista-Leninista de Galicia. Moi recentemente (Febreiro) xurdíu *Erguédevos* na súa primeira edición, con 12 folios, portada bicor impresa, órgano do Comité Nacional de Galicia do Partido do Traballo de España. Cabe supoñer que segundo vaian collendo espallamento galego, ou precisen del, as ORT, PCU,.... darán á súa vez en publicaren voceiros propios nacionáis, que coidades non teñen aínda.

Pra memoria compre lembrar unha publicación anarquista en galego, *Revolta*, follas soltas multicopiadas (mecanografía e recortes) e numeradas polo menos até a 15, que se editaban por entregas durante a progresión do peche universitario no compostelano palacio de Fonseca en Febreiro do 76. En castelán, en troques, é outra publicación ácrata, *Frente Libre* (Órgano de Grupos Autónomos Revolucionarios), do que o único número que coñecemos ten seis folios en moi deficiente multicopia, e bilingüe un tamén ácrata *Colectivo-Denuncia*, coruñés.

Un panorama editorial un tanto minifundiarío, que nembargantes debe ser bastante máis amplo do que acabamos de enumerar.

### LIBROS

**Ibon Sarasola.** «HISTORIA SOCIAL DE LA LITERATURA VASCA2. Akal 74. Madrid. 1976. Traducción do euskera de Xesús Antonio Cid. 183 páxs.

A socioloxía da literatura ten acadado nos últimos tempos unha atención especial non só pola banda dos lectores senón tamén dos escritores e críticos que ven no feito literario testemuña e termómetro pra medir ou interpreta-los feitos e problemas sociáis das comunidades. Ibon Sarasola propón neste traballo, publicado en lingua euskera en 1971, unha análise das letras vascas dende as perspectivas sociolóxicas do seu pobo, as loitas sociáis e políticas, as reivindicacións, frustracións históricas, etc. O mesmo problema vasco dálle ó libro un interés grande.

A versión castelá engade algúns aspectos que axudan a entender-la cuestión que se trata: a lingua vasca dividida en seis dialectos, as comunidades vascas castelán-falantes (en euskera chámasele *euskotar* ó vasco que non fala vasco), 595.500 falantes ten esta lingua, problemas da unificación do idioma, loita polo ensino euskera, problemas e diferencias políticas, etc.

Sarasola entende o estudio da literatura dende as perspectivas



sociáis, económicas, políticas da comunidade. Entende que a literatura, é sobor de todo un feito nacional coma as letras vascas, é crónica viva, creativa (ou recreativa) da comunidade, espello dos seus conflitos, arelas e contradicións. Dende esta análise divide o libro en catro partes. A primeira escomenza en 1545, dende as mostras da poesía oral, e chega a 1901 (data fundamental na historia vasca, a presenza importante do Partido Nacionalista Vasco que fora fundado xa en 1895). A segunda parte vai de 1901 a 1964: as correntes nacio-

nalistas de pre-guerra, a guerra civil e os anos de postguerra. A terceira de 1964 (data do primeiro rexurdimento de postguerra) a 1971. E a cuarta parte engade unha nómina de obras, xéneros e autores ós que xa se foi aludindo ó longo dos capítulos anteriores. Non son moitos os traballos que existen, por outra banda, encol das letras vascas, o que ven suliña-la importancia deste que sae agora en versión castelá.

**E. Vergara Vilaríño.** «ORFO DE TI EN TERRA ADENTRO». Areal-longuifa. Akal editor. Madrid. 1976. 42 páxs. Poesía.

O poeta de Lúzara, polas terras luguesas, reúne novamente neste libriño un feixe fermoso de poesías que veñen recendendo terra, a paisaxe concreta (con nomes de parroquias, regos coñecidos, camiños e silveiras nomeadas) o mesmo cá soidades interiores, desacougos e carraxe ás veces. Libro fermoso, ben feito, doado de ler que ven dar un pulo novo e importante ó traballo de Vergara Vilaríño.

Nacéu o poeta en Santalla de Lúzara en 1953, fillo de labregos, ferreiros e emigrantes, asegún se di nunha nota biográfica no limiar. Outros libros seus coñecidos son «Pra vós» (Celta, Lugo, 1971). «Encontro cos tiburós» (Colección Val de Lemos, 1973).

### DISCOS

**Miro Casabella.** «TI, GALIZA». Pauta-Ariola.

Veliquí o tanto tempo esperado disco de Miro. Isto non é máis ca unha notiña cativa e haberá que falar con máis vagar do álbum que de primeiras amostra unha calidade importante, traballada, estudiada páxina a páxina. Letras de Xoán M. Casado, Xosé Veloso, Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Xavier Costa, Luis Pimentel, Uxío Novoneyra e o mesmo autor. Arranxos de José Mario Branco e Luis Pedro Faro. Grabado en outono do ano pasado.

O disco quiere manter unha

unidade, dende a introducción («O meu país» nunha versión lenta e sinfónica) hastra a canción leda de «A bandeira», máis pensada de seguro pra cantar colectivamente, pasando polo que pra nós é cicáis



o tema máis importante e coitado do álbum: o «Ti, Galiza», apoiado en catro voces dunha forza fóra do común. Outros temas coma «María Soliña», a pesares dos arranxos, comenzan a resultar un pouco resesos de máis entre os nosos cantantes. «A gran mural» (con ritmo de tango) e «Goethe» (coa música do himno nacional español interpretada ó órgano por José Mario Branco, a xeito de fondo descriptivo) son anécdotas que poden rachar, en certa medida, esa unidade da que falamos. De calquera xeito estamos diante dunha obra ben feita, un paso adiante máis nas nosas grabacións que, fóra daquela primeira música de trincheira, escomenzan a mostrar un nivel esperanzador.

# cartas a dirección



## MEDICOS E SEGURIDADE SOCIAL

Señores redactores: Mandamos esta carta esperando que sexa publicada. O suceso ocorreu o luns, día 21 de febreiro no ambulatorio da Seguridade Social de Betanzos. Unha persoa de idade púxose mala e cando chamamos ó médico pra que viñera vela, por toda resposta díxonos: «Estará coma hai catro días. Dentro de tres días recórdame que vaia vela».

Esa persoa enferma sufrira o día anterior un baixón da tensión e houbo que chamar a outro médico pra que a atendera.

Nós coidamos que é necesario loitar contra isto. Pensamos que os médicos de hoxe e de mañán deben loitar contra isto, xa que a primeira obrigación deles é atender a un paciente en calquera momento. E logo a esto chámanlle «Seguridade Social».

Uns brigantinos

## BOTABASE DE MENOS

Señor Director: Quero felicitalos e desexarllles toda clase de éxitos nesta tarefa tan importante que se botaron ás costas. TEIMA é o que —quen sentimos a Galicia— botábase de menos. Polo menos por algún tempo temos cubertos os nosos anceios.

O meu caso, coma o de moitos outros nados en plena dictadura, é que fomos criados nun ambiente castelán, totalmente artificial. Agora, neste intre difícil, moi difícil pra todos en tódolos sentidos, coído que a saída á rúa deste semanario é o meirande, deica hoxe, que nos podería pasar.

Repítolle a noraboa e ¡adiantel!. Galiza respostará coma ela sóia sabe facelo.

Atentamente.

Xoa Xose Fernandez Barreiro  
Fe, 12, 5.º  
A Coruña

## MOITAS INXUSTICIAS

Vaia por diante a miña felicitación por iste extraordinario esforzo que supón sacar á rúa esta revista que no noso pobo xa se pedía a berros.

Son un rapaz xoven, destes que quixeran o millor prá súa terra, que tan avasallada está dende os tempos dos Reis Católicos... Por iso cada vez que vexo a revista, tódalas

semás cáseque acabo de mala leite. E vostede preguntará por qué me pasa isto. Pois élle unha cousa a mar de sinxela pola chea de inxusticias que ocorren nos nosos eidos, nas vilas e nas cidades da nosa Galiza. Eu sempre fun moi aficionado a todo o que cheirase a galego e cando ollaba prós xornais comprobaba que saían coas noticias «manipuladas» e sóio decían o que lles interesaba a algúns caciques cando os podía perxudicar a noticia. Por eso ter unha revista coma TEIMA que diga todo claro, e sin tapuxos de ningún xeito, é unha sorte pra todo aquel que desexe o millor prá súa terra. Coído que todos temos que mimar a revista, xa que de seguir nesta liña pódenos abrir moito os ollos a cáseque tódolos galegos.

## A muller e a Igrexa

No número 12 de TEIMA, o señor Chao Rego facíanos ou facíase dúas preguntas: ¿cántos anos van facer falla pra que as mulleres poidan saír do Purgatorio no que as meteu san Paulo cando as mandou calar na Igrexa?, ¿Pódese sentir representada hoxe unha feminista precisamente polo dogma mariano?

Eu como muller que loita por ser crente, e non sabe teoloxía, veño preguntándome ¿qué LIBERACION aportou e aporta hoxe á muller a Igrexa Católica como Institución?. O traveso do tempo, a muller non deixou de ser masivamente a materia prá imbuición de prédicas, o canle pra influir no home, fillos e familia en xeral. A Institución foi dominio e goberno de milleiros de rapazas ó traveso de nai-irmás-monxas, gaiola na que se retivo a pureza das xóvenes, cadea retentiva do sexto mandamento, anulación total do espírito crítico, incapacitación da decisión propia facendo que se encomendase, no millor dos casos, a ialma nas mans do director espiritual, e tantas e tantas mutilacións que ben captou a «clientela» á que se refire o señor Chao. Xa se sabe que moitos dos defectos ditos son asexuales, valen o mesmo pra homes ou mulleres, mais dado que a presenza feminina deica hoxe foi moito maior, o perxuício, se o houbera, daríase na mesma proporción.

Os Evanxelos foron escritos moitos anos despóis de morto o Mestre e así non é difícil que pola

Despídome cunha forte aperta pra todos os que forman TEIMA

Xose Lois Vázquez Iglesias  
Avda. Ramón Ferreiro, 32, 6.º B  
Lugo

## OLLO COAS PALABRAS

Meus amigos: Vaia primeiramente a satisfacción pola saída e mesmo en xeral, a liña de TEIMA. Logo ven a miña crítica a voa pluma.

Bótanse de menos, por exemplo, corresponsales en determinados países da emigración coma Suiza e Alemania e tamén na Habana, do mesmo xeito que en Buenos Aires e Montevideo. Igualmente no to-

situación social non fose o intre de deixar constancia das discípulas de Xesús, das escolleitas por el mesmo; no caso contrario atrévome a decir que Xesús tivo un fallo de esquecemento.

A Institución Igrexa teima na igualdade de tódalas persoas. Mais ¿qué igualdade poderá darse mentras as mulleres estemos recibindo, recollendo, ouvindo dende o chan, sen posibilidade algunhas de erguernos? (...) Se hai santas e beatas é o mesmo. Seguimos recibindo agasallos, pro sin nos deixar ser suxeto activo, rexeitador, crítico, formador e con, ministerio da Igrexa hoxe. O repudiamento aínda vai moito máis alá, pois non sóio a arreda das funcións sacerdotais, senón que lle prohibe ós seus membros polo voto de castidade, unirse a elas. (...) ¿Hastra cando estaremos no Purgatorio? Dende logo hastra que queramos nós, porque se tomásemos conciencia todas, ¿cecais se pensasen as cousas doutro xeito. (...)

Do dogma mariano gustárame que falase o señor Chao. Eu soementes quero manifesta-la miña admiración pola muller que pariu un fillo pró sacrificio sabéndoo. Tamén coído que non pasaría nada se ese fillo fora FILLA, e coído que unha muller pode ser aldraxada e representa-lo pecado ou o Amor, tanto coma calquer varón. (...) Co devandito non quixera escandalizar a ninguén. Coído que vai sendo tempo de que saíamos do conformismo e tratemos de conquistar un lugar hastra na Igrexa.

Rosa Cal  
Faxardo, 7  
O Ferrol

cantes a Portugal non viría mal un corresponsal no Porto, é decir, na zona norte, esa vella Galicia, moito máis nosa do que é Lisboa.

Sería cometido do corresponsal en Buenos Aires informar sobor da laboura cultural do Instituto Arxentino de Cultura Galega (e outras entidades), concretamente no eido da música clásica nosa, da que compre facer reseña na nova sección de discos.

Subraio a coherencia que estes acadando coa normalización de feito da lingoa que se ve moito máis cuidada nos últimos exemplares. Nembargantes, eu tería máis tino á hora de empregar, maiormente en letras-de-molde, determinadas palabriñas que poden, e eu ben sei que repelen á xente madura, non afeita a elas. Confundindo progresista con perralleiro, ou mesmo benfalado con carca, pódese perder, de entrada, unha ampla zona de lectores.

Graciñas polo voso laborar arreo. E dispónde do amigo

Xosé María Monterros Devesa  
Suscriptor número 1.510  
A Coruña

## TAMEN EN MONTPELLIER

Compañeiros de TEIMA: Gústamos moito o xeito de facer a revista que é lida aquí por outra xente. Por agora é o mellor xeito dos que temos pra achegarnos á realidade de Galicia, alonxada de nós.

Hastra outra e agradecidos.

Elisabeth Schaible  
Xosé María García Alvarez  
Villa Nenilly: rue Abert, 4  
34, Montpellier (Francia)

## ATENCIÓN AS PEQUENAS EMPRESAS

Queridos amigos: Somos grandes admiradores da vosa revista e desexamos que teña unha grande acollida, xa que plantexa os problemas do noso pobo, os que agora mesmo temos en Galicia.

Quixéramos que non sóio tratáse dos problemas das grandes empresas, que nós dende logo vemos moi ben, senón que nos plantexase os problemas das pequenas empresas que son as que máis cunden en Galicia.

Animámosvos a seguir con agarrimo a vosa laboura.

Francisco Xavier Xestal  
Ramon Ron Docampo  
Fragata Catalunya, F, 73  
Ferrol




# Se quiere seguir tendo

# unha **teima** independente,

# ¡¡suscríbase!!

NOME .....		
DOMICILIO .....		
POBOACION .....		
PROVINCIA .....	PAIS .....	
<b>TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA</b> (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA .....	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º .....		
XEITO DE PAGO: <input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º .....	DATA .....	
<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN .....		
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO .....		



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos .....

Sr. Director de .....


Axencia .....

**SEÑORES:**

*Agradeceríalles que con cárego á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.*

Atentamente,

NOME .....		
DOMICILIO .....		
POBOACION .....		
PROVINCIA .....	PAIS .....	
<b>TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA</b> (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA .....	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º .....		
XEITO DE PAGO: <input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º .....	DATA .....	
<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN .....		
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO .....		



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos .....

Sr. Director de .....

Axencia .....

**SEÑORES:**

*Agradeceríalles que con cárego á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.*

Atentamente,

# Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída  
pra 900 millóns de nenos é morrer.  
900 millóns de nenos están condenados  
pola fame, as doenzas  
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.  
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.  
Fágase socio de Unicef.  
Nunca terá empregado millor  
un pouco de diñeiro.

**unicef**

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia  
Apartado 12021  
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome .....

Dirección .....

Cidade ..... Distrito .....

Teléfono .....